escola superior gallaecia

MESTRADO INTEGRADO EM ARQUITECTURA E URBANISMO
DISSERTAÇÃO DE MESTRADO INTEGRADO
TRABALHO DE PROJECTO

VONTADE _Centro de discapacitados

A Rocha_TOMIÑO

1. PEZAS ESCRITAS

1.1 INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO DO PROXECTO

01

Autor: Alexandre Pérez Souto

Orientador: Doutor Arquitecto Rui Brochado

Co-orientador: Mestre Arquitecto Rui Correia

xaneiro 2011

escola superior gallaecia

MESTRADO INTEGRADO EM ARQUITECTURA E URBANISMO
DISSERTAÇÃO DE MESTRADO INTEGRADO
TRABALHO DE PROJECTO

VONTADE_ Centro de discapacitados

A Rocha_TOMIÑO

Autor: Alexandre Pérez Souto

Orientador: Doutor Arquitecto Rui Brochado

Co-orientador: Mestre Arquitecto Rui Correia

xaneiro 2011

RESUMO

Nesta Tese de Disertación optouse por un "TRABALLO DE PROXECTO" na área da arquitectura. Ten por obxecto a elaboración dun **Centro para persoas discapacitadas** físicas ou sensoriais, emprazado na zona de A Rocha (Tomiño).

Trátase dun equipamento necesario, non so para o Concello, senón tamén para toda a comarca. Por este motivo será ocupado pola Asociación de discapacitados do Baixo Miño (Vontade).

A Rocha sitúase sobre un pequeno montículo preto do principal núcleo urbano de Tomiño. Trátase dunha zona frecuentada por veciños de todas partes do concello debido a que existen equipamentos no que se ofrecen servizos a todo o municipio (centro de día, centro de saúde, policía local, casa da cultura…). Deste xeito, dáse un importante fluxo de persoas de diferentes partes do municipio.

Unha das principais carencias que teñen os centros deste tipo é falta de relación entre os seus usuarios e a cidadanía en xeral, na práctica apenas existe convivencia entre usuarios e funcionarios. Polo tanto, estase no camiño oposto ao obxectivo fundamental: a plena integración das persoas con discapacidade. Neste sentido, é importante a implicación das empresas do entorno, as que crean máis postos de traballo, entre as que destaca o sector da planta ornamental.

Deste TRABALLO DE PROXECTO destácanse dous aspectos fundamentais: a **parte social** e a **parte sustentable**.

No primeiro caso, poténciase a relación usuario sociedade tendo en conta as principais actividades económicas do entorno (relacionadas co cultivo de planta ornamental). Éstas son desenvolvidas no centro para formar aos usuarios e para que poidan vender os seus propios produtos á poboación. Ademais deste servizo de ventas, e tendo en conta a localización do Centro nunha zona de equipamentos públicos na que se concentra gran cantidade de persoas, tamén se crea unha cafetería e unha ampla zona de lecer con xardíns. O obxectivo fundamental é que as persoas acudan ao Centro e se relacionen cos usuarios.

No segundo caso, o Centro conta cun conxunto de solucións sustentables adaptadas as súas características e necesidades como pode ser: unha estrutura deseñada co concepto de masa térmica, o aproveitamento de augas pluviais para o sistema de rego (xardín e invernadoiro), o uso de paneis solares para solo radiante, o aproveitamento dos materiais da fachada para a creación de electricidade ou a optimización da iluminación e ventilación natural a través de patios interiores axardinados.

Na concepción do Centro foi aplicado o principio de "Deseño universal". Éste é fundamental nun Centro de discapacitados, xa que unha parte significativa dos seus usuarios son persoas con mobilidade reducida. Deste xeito, poden desprazarse con autonomía, seguridade e comodidade tanto en zonas interiores como exteriores. Ademais da accesibilidade, tamén se tivo unha especial preocupación pola funcionalidade e a luminosidade do edificio, co fin de mellorala confortabilidade dos seus utilizadores.

SUMARIO

Nesta Tese de Dissertação optou-se por um "TRABALHO DE PROJECTO" na área da arquitectura. Tem por objecto a elaboração de um **Centro para pessoas com incapacidades** físicas ou sensoriais, localizado na zona da Rocha (Tomiño).

Trata-se de um equipamento necessário, não só para o municipio, mas também para toda a comarca. Por este motivo será ocupado pela Associação de incapacitados do Baixo Miño (Vontade).

A Rocha situa-se sobre um pequeno montículo cerca do principal núcleo urbano de Tomiño. Trata-se de uma zona frequentada por pessoas de todas partes do concelho devido a existência de equipamentos que oferecem serviços a todo o município (centro de dia, centro de saúde, polícia local, casa da cultura...). Deste modo, dá-se um importante fluxo de pessoas de diferentes partes do município.

Uma das principais carências que têm os centros deste tipo é falta de relação entre seus utentes e a cidadania em general, na prática apenas existe convivência entre utentes e funcionários. Portanto, está-se no caminho oposto ao objectivo fundamental: a plena integração das pessoas com incapacidade. Neste sentido, é importante a implicação das empresas da envolvente, as que criam mais postos de trabalho e as que se destacam no sector da planta ornamental.

Deste TRABALHO DE PROJECTO destacam-se dois aspectos fundamentais: a **parte social** e a **parte sustentável**.

No primeiro caso, potenciasse a relação utente sociedade tendo em conta as principais actividades económicas da envolvente (relacionadas com o cultivo de planta ornamental). Estas são desenvolvidas no centro de formação para utentes e para que possam vender seus próprios produtos à população. Além deste serviço de vendas, e tendo em conta a localização do Centro numa zona de equipamentos públicos na qual se concentra grande quantidade de pessoas, também se cria uma cafetaria e uma ampla zona de lazer com jardins. O objectivo fundamental é que as pessoas vão ao Centro e se relacionem com os utentes.

No segundo caso, o Centro conta com um conjunto de soluções sustentáveis adaptadas as suas características e necessidades como por exemplo: uma estrutura desenhada com o conceito de massa térmica, o aproveitamento de águas pluviais para o sistema de rega (jardim e estufa), o uso de painéis solares para solo radiante, o aproveitamento dos materiais da fachada para a criação de electricidade ou a optimização da iluminação e ventilação natural através de pátios interiores ajardinados.

Na concepção do Centro foi aplicado o princípio de "Desenho universal". Este é fundamental num centro de incapacitados, já que uma parte significativa de seus utentes são pessoas com mobilidade reduzida. Deste modo, podem deslocar-se com autonomia, segurança e comodidade tanto em zonas interiores como exteriores. Além da acessibilidade, também se teve uma especial preocupação pela funcionalidade e a luminosidade do edifício, com o fim de melhorar o conforto de seus utilizadores.

ABSTRACT

In this Dissertation Thesis, the author has chosen a “PROJECT WORK” on the field of Architecture. The scope of it is the creation of a **Centre for Disabled People** -physical or sensory- located in the area of A Rocha (Tomiño).

This building is of crucial need, not only for the council, but for the whole area around it. For this reason it will be occupied by the Disabled People Association Vontade, from Baixo Miño.

A Rocha is an area located on a small hill in the core of the town of Tomiño. It is a very busy area where many locals go due to the amount of services available (day centre, medical centre, local police office, cultural centre, etc.). This makes it possible that many visitors come along this place.

One of the main issues about these centres is the lack of interaction between their users and the local people, in practice there is hardly any coexistence between users and employees. This shows an opposite direction of its vital aim: the full integration of disabled people. It is therefore crucial the implication of the local companies, those who set up more jobs. Among these companies, the most important one is the ornamental plants culture.

There are two main points in this PROJECT WORK: the **social part** and the **sustainable part**.

On the one hand, the relationship between user and society is boosted, bearing in mind the main business in the area (related to the ornamental plants culture). This is developed in the Centre to train the users, so that they can sell their own products to the public. Moreover, and taking into account the location of the Centre in an area full of public services which is really busy, there is also a café and a big leisure area with gardens. The main aim of this is to make people visit the facilities and interact with the users.

On the other hand, the Centre has some sustainable solutions adapted to its features and needs, like a structure designed with the concept of thermal mass, the use of rain for the irrigation system (garden and greenhouse), solar panels for the underfloor heating, the use of the facade materials to create electricity or the optimisation of lighting and natural ventilation by means of indoor patios with garden.

The conception of the Centre is based on the principle of “Universal Design”. This is crucial in a Centre for disabled people since the majority of the users are people with restricted mobility. With this system, they can move autonomously, safely and comfortably both in indoor and outdoor areas. Apart from accessibility, the stress was put in making it a highly functional building with a good lighting, so that the comfortability of the users can be improved.

ÍNDICE DO TOMO

1.1 INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO DO PROXECTO

1.1_1 INTRODUCIÓN **11**
1.1_1.1 Proxecto de Mestrado 13
1.1_1.2 Obxectivos 13
1.1_1.3 Contextualización 14
1.1_1.4 Metodoloxía 15

1.1_2 A DISCAPACIDADE **19**
1.1_2.1 ¿Qué é a discapacidade? 21
1.1_2.2 Encadramento normativo 22
1.1_2.3 Discapacidade, Revolución Industrial e capitalismo 27
1.1_2.4 O mercado de traballo 29
1.1_2.5 Análise estatística e tipoloxías de discapacidade 31
1.1_2.6 Conclusións 39

1.1_3 ESTUDO DO LOCAL **41**
1.1_3.1 Situación 43
1.1_3.2 Encadramento xeral 44
1.1_3.3 Análise urbana 46
1.1_3.4 Análise da parcela e o seu entorno 53
1.1_3.5 Actividades económicas 57
1.1_3.6 Conclusións 58

1.1_4 ESTADO DA ARTE **59**
1.1_4.1 Encadramento xeral 61
1.1_4.2 Análise comparativa 63
1.1_4.3 Conclusións 68

1.1_5 DEFINICIÓN DO PROGRAMA BASE **69**
1.1_5.1 Obxectivos estratéxicos 71
1.1_5.2 Definición dos usos 73
1.1_5.3 Resumo do Programa Base 76

1.1_6 CONCLUSIÓNS FINAIS **77**

1.1_7 BIBLIOGRAFÍA **81**

1.1_8 ÍNDICE DE ELEMENTOS **85**

ANEXO 1: Rexistro fotográfico do local de proxecto 89

ANEXO 2: Fichas de análise 93
FICHA I: Centro de Formación Vontade 95
FICHA II: Centro de Discapacitados Ambar 103
FICHA III: Centro discapacitados Joan Crespi 115

"Un bo deseño debe considerar a variabilidade dos usuarios en canto a sexo, dimensións, idade, cultura, destreza, forza e demais características que se axusten as necesidades e limitacións humanas, conseguindo unha mellora da calidade de vida de todos os seus usuarios"[1]

Enrique Rovira-Beleta Cuyás

1 ROVIRA-BELETA Cuyás, Enrique, (2006); "*Libro blanco de la accesibilidad*"; páxina 152

1.1_1 INTRODUCIÓN

1.1_1.1 PROXECTO DE MESTRADO

O traballo consiste nun proxecto de arquitectura que ten por obxecto a elaboración dun **Centro para discapacitados** físicos ou sensoriais, emprazado na zona de A Rocha (Tomiño).

O Proxecto de Mestrado pertence a unidade curricular A50 Projecto-Dissertaçao, relativo ao Mestrado Integrado en Arquitectura e Urbanismo realizado na Escola Superior Gallaecia.

Concretamente, esta análise constitúe a parte teórica e de investigación sobre o mesmo.

1.1_1.2. OBXECTIVOS

Na realización deste **Traballo de Proxecto** preténdese acadar unha serie de obxectivos co fin de promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con discapacidade:

- proxectar un Centro de Discapacitados fundamentado e innovador, que favoreza a relación usuario-sociedade;
- ter en conta as principais actividades económicas do entorno e desenvolvelas no centro para que a poboación poida acudir a el e relacionarse cos usuarios;
- desenvolvelo concepto de “deseño universal”.

O obxectivo principal desta análise é creación dunha base teórica e fundamentada para a elaboración do proxecto de arquitectura. Neste sentido, definirase un programa de usos que permita ofrecer os mellores servizos posibles aos usuarios do centro e que, ademais, favorezan a súa relación coa sociedade.

1.1_1.3. CONTEXTUALIZACIÓN

O Centro de Discapacitados Vontade vaise construír en A Rocha (O Seixo-Tomiño). Trátase dun equipamento necesario, non so para Tomiño, senón tamén para toda a comarca do Baixo Miño. Enmárcase dentro da liña estratéxica de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade)que pretende crear tres novos Centros de Recursos ata o ano 2013, sendo un deles para esta comarca. Concretamente, o obxectivo é crear unhas instalacións de calidade para a Asociación de discapacitados do Baixo Miño (Vontade).

Unha das principais carencias que teñen os centros deste tipo é falta de relación entre os seus usuarios e a cidadanía en xeral, na práctica apenas existe convivencia entre usuarios e funcionarios. Polo tanto, estase no camiño oposto ao obxectivo fundamental: a plena integración das persoas con discapacidade. Neste sentido, é importante a implicación das empresas do entorno, as que crean máis postos de traballo, entre as que destaca o sector da planta ornamental.

Existen, tanto no Baixo Miño como nas comarcas do entorno, centros de discapacitados ou espazos análogos. Ningún deles é un edificio creado de raíz pensado para este uso, senón que son adaptacións doutros xa existentes. Os Centros creados especificamente para este uso soen estar en núcleos de poboación maiores.

Na comarca existen tres centros de discapacitados. Un deles é o da asociación Vontade (Guillarei-Tui) e trata a persoas con deficiencias físicas ou sensoriais. Os outros dous centros encóntranse en A Guarda. Un deles trata a persoas con discapacidade mental (Avelaíña) e o outro as que teñen discapacidade intelectual (San Xerome).

1.1_1.4. METODOLOXÍA

A finalidade desta INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO DO PROXECTO, tal como foi referenciado anteirormente, é a creación dunha base teórica e fundamentada para a elaboración do proxecto de arquitectura.

Nesta investigación preténdese analizar os diferentes aspectos que afectan a realización do proxecto por medio de metodoloxías escollidas en función das características de cada obxecto de estudo: a discapacidade, o local e o estado da arte.

Métodos de colección de datos

Para a realización desta investigación procurouse recoller informacións a dunha maneira rigurosa e de carácter específico mediante diferentes métodos de colección de datos: investigación documental, entrevistas, observación directa, fichas de caracterización, debuxo técnico e fotografías.

Unha das primeiras tareas a realizar foi unha **investigación documental** sobre o material relevante para o proxecto. Para tal fin consultáronse fontes serias e contrastadas como son documentos oficiais e publicación de autores de referencia.

Outro método de colección de datos de gran importancia na interrelación do investigacor co obxecto de estudo foi a **observación directa**. Implica un traballo de campo, tanto no local onde se realiza o proxecto como nos centros visitados: Vontade e Ambar.

Por outra parte, para a obtención de información oral empregáronse **entrevistas**. Os informantes foron membros ou funcionarios de Asociacións ou Centros de discapacitados. O obxectivo era o de coñecer de primeira mán a situación dos centros e os seus usuarios, as súas necesidades, problemáticas, funcionamento, etc.

No referente a análise de centros de discapacitados foron utilizadas tres **fichas de caracterización**, unha por cada institución. Con esta ferramenta móstrase información individualizada e sistemática de cada un deles, permitindo unha posterior análise comparativa dos mesmos. A estrutura das fichas é a seguinte:

a. Datos xerais do centro
b. Entorno
c. Contextualización
d. Caracterización do edificio

e. Programa de usos
f. Organigrama
g. Análise funcional
h. Conclusións
i. Rexistro fotográfico
j. Rexistro gráfico

Outra ferramenta empregada nesta investigación é o **debuxo técnico**, tanto no relativo aos centros (plantas, cortes, alzados...) como no estudo do local (planeamento municipal).

Finalmente, como método de colección de datos complementario aos anteriores empregouse a **fotografía**. Consiste nunha imaxe estática do tempo e do espazo, permitindo o rexistro de diferentes elementos de utilizada para este traballo.

Análise de datos

Unha vez seleccionada e organizada a información procédese ao seu tratamento. Para tal fin, empréganse catro fases de análise: conceptual, analítica, comparativa e reflexiva.

Na **análise conceptual** plantéanse as defincións, o marco normativo e os principais conceptos sobre o tema da discapacidade, estudando cales foron as causas que orixinaron os problemas de integración nas persoas con discapacidade, así como a súa situación actual no mercado de traballo.

Tamén se efectuou unha **análise analítica**. Nun primeiro momento efectúase un proceso análise cuantitativa referente a información estatística sobre persoas con discapacidade e as súas tipoloxías dentro do ámbito galego. Esta análise interpretativa e analítica emprégase, ademais, para o estudo do local de intervención (a nivel urbanístico e socioeconómico) e dos tres centros de discapacitados investigados. Neste último caso a través de fichas de caracterización.

Posteriormente, trala elaboración destas fichas que supoñen un estudo exhaustivo, ordenado e sistemático da información procédese a unha **análise comparativa** dos tres centros. A súa finalidade principal é a de descubrir os seus aspectos positivos para poder aplicalos no centro que é obxecto deste traballo de proxecto.

Estruturación do traballo

Esta INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO DO PROXECTO atópase dividida en seis partes (seis primeiros capítulos), seguidas dun índice de elementos, a bibliografía e dous anexos. As seis partes son as seguintes:

- Parte 1: é a **introdución** do traballo na que se expón en que consiste o traballo, os seus obxectivos, a contextualización do mesmo e a metodoloxía aplicada para a súa elaboración.
- Parte 2: trátase da análise do primeiro obxecto de estudo, que é o tema da **discapacidade**. Nel expóñense os principais conceptos, o encadramento normativo, as causas que orixinaron os problemas de integración nas persoas con discapacidade,a súa situación actual no mercado de traballo, unha análise estatística e remátase cunha pequena conclusión sobre este tema.
- Parte 3: séguese polo **estudo do local** de intervención e o seu entorno, dende o máis inmediato, na zona de A Rocha, ata unha escala máis xeral do núcleo urbano do Seixo (Tomiño). Para tal fin, empréganse fundamentalmente planos urbanísticos. Ademais identifícanse as actividades económicas de referencia no entorno como potencial saída laboral para os usuarios do centro. Ao igual que na interior, esta parte remata cunha conlusión.
- Parte 4: o último obxecto de estudo é o **estado da arte**. Nel realízase unha análise comparativa que parte de tres fichas de caracterización (ANEXO 2) de tres centros de discapacitados (Vontade, Ambar e Joan Crespi). Posteriormente, na súa conclusión, expóñense os aspectos positivos de cada un deles para poder aplicalos no centro que é obxecto deste traballo de proxecto.
- Parte 5: tendo en conta as tres partes anteriores e as aportacións das entrevistas feitas con responsables de diferentes entidades, prodúcese unha **difinición do programa base** para o do Centro de Discapacitados en Tomiño.
- Parte 6: todo este traballo anterior será útil para retirar **conclusións** coa finalidade de aplicalas na parte práctica do traballo, especialmente na seu ámbito máis conceptual.

1.1_2 A DISCAPACIDADE

1.1_2.1. ¿QUÉ É A DISCAPACIDADE?

Antes de empezar a desenvolver esta análise é fundamental coñecer que é o que quere dicir "discapacidade". A Asociación Mundial da Saúde (OMS) distingue os termos "deficiencia", "discapacidade" e minusvalía" e descríbeos da seguinte maneira:

- **Deficiencia**: *dentro da experiencia da saúde, unha deficiencia é toda perda ou anormalidade dunha estrutura ou función psicolóxica, fisiolóxica ou anatómica.*
- **Discapacidade:** *dentro da experiencia da saúde, unha discapacidade é toda restrición, ausencia, (debida a unha deficiencia) da capacidade de realizar unha actividade na forma ou dentro do marxe que se considera normal para un ser humano.*
- **Minusvalía:** *dentro da experiencia da saúde, unha minusvalía é unha situación desvantaxosa para un individuo determinado, consecuencia dunha deficiencia ou dunha discapacidade, que limita ou impide o desempeño dun rol que é normal, no seu caso (en función da idade, sexo e factores sociais e culturais)*[2].

En primeiro lugar considérase "deficiencia" a perda ou anomalía dun órgano (ou parte do corpo) ou a función propia do mesmo. En segundo lugar, a consecuencia que esa deficiencia produce na persoa é a "discapacidade". E, finalmente, a "minusvalía" é a desvantaxe que unha deficiencia ou unha discapacidade provoca nun individuo a nivel social. Por exemplo, no caso do usuario dunha cadeira de rodas:

- a súa deficiencia sería a perda de sensibilidade nas pernas;
- tería unha discapacidade que consiste na dificultade para desprazarse;
- e a súa minusvalía consiste na desvantaxe para acceder a un posto de traballo.

A Lei 13/1982, de 7 de abril, de integración social dos minusválidos (coñecida como LISMI) menciona a definición legal de "minusválido": "*toda persoa cuxas posibilidades de integración educativa, laboral ou social foran diminuídas como consecuencia dunha deficiencia, previsiblemente permanente, de carácter conxénito ou non, nas súas capacidades físicas, psíquicas ou sensoriais*"[3]. O contido desta definición é similar ao que propón a OMS, xa que fan referencia ao contexto social.

---

[2] ALBA, Alfonso e MORENO, Fernando (2004); "*Discapacidad y Mercado de Trabajo*"; páxina 7
[3] Ídem, páxina 8.

1.1_2.2. ENCADRAMENTO NORMATIVO

Neste apartado vanse mencionar as principais normas e institucións relacionadas con políticas sociolaborais a favor de persoas con discapacidade. Analizaranse dende as máis amplas a nivel mundial ata as máis específicas a nivel galego.

A información a continuación exposta, a excepción do "ámbito galego", foi baseada no capítulo II (Instituciones y políticas sociolaborables a favor de los discapacitados) do libro Discapacidad y Mercado de Trabajo.

Nacións Unidas:

"*La preocupación por los derechos de las personas con discapacidad está presente en los principios fundacionales de las Naciones Unidas, basados en los derechos humanos, las libertades fundamentales y la igualdad de todos los seres humanos, tanto la* ***Carta de las Naciones Unidas*** *de 1945 como la* ***Declaración Universal de los Derechos Humanos*** *de 1948, los* ***Convenios Internacionales*** *relacionados con la defensa de los derechos humanos afirman que las personas con discapacidad deben poder ejercer sus derechos civiles, políticos, sociales y culturales en igualdad de condiciones con el resto de los ciudadanos*"[4].

O ano 1981 foi proclamado pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas como o "**Ano Internacional das Persoas con Discapacidade**" e púxose en marcha un "Programa de Acción Mundial para as Persoas con Discapacidade" dirixido a equiparación de oportunidades destas persoas, a súa rehabilitación e a prevención das discapacidades.

Pouco tempo despois, co obxectivo de establecer un período para que os gobernos e institucións desenvolveran as recomendacións do "Programa de Acción Mundial para as Persoas con Discapacidade" proclamouse o "**Decenio das Nacións Unidas para as Persoas con discapacidade**" entre os anos 1983 e 1992.

Xa no ano 1993 destaca unha Resolución das Nacións Unidas baixo o título de "**Normas Unificadas sobre a Igualdade de Oportunidades das Persoas con Discapacidade**". Con elas recoñécese que a capacidade dun individuo para desenvolverse no ámbito social e ocupar un posto de traballo depende "*tanto de la disposición de la sociedad a aceptar a las personas*

[4] ALBA, Alfonso e MORENO, Fernando (2004); "*Discapacidad y Mercado de Trabajo*"; páxina 33

con sus diferencias como de las limitaciones funcionales que permiten reconocer especificamente a una persona como discapacitado"[5].

Comunidade Europea:

O primeiro programa realizado especificamente para persoas con discapacidade foi o "**Programa de Acción Comunitaria para a Readaptación Profesional dos Minusválidos**" aprobado no ano 1974. O seu obxectivo era axudar as persoas con discapacidade a levar unha vida normalizada, independente e integrada na sociedade. "*También establece la capacidad de trabajo como vía fundamental para la integración*"[6].

Ao longo dos anos 80 e principios dos 90 sucedéronse gran cantidade de documentos, programas, cartas, directrices... de institucións europeas coincidindo co "Ano Internacional das Persoas con Discapacidade" en 1981 e co "Decenio das Nacións Unidas para as Persoas con discapacidade" entre os anos 1983 e 1992. Nesta época houbo un interese cada vez maior polas persoas con discapacidade.

Tres anos despois da aprobación das Normas Uniformes das Nacións Unidas, no ano 1996 a Comunidade Europea aproba unha Resolución baixo o título de "**Unha nova estratexia comunitaria en materia de minusvalía**". "*Se trata de propiciar la integración de las políticas dirigidas a promover el empleo de las personas con discapacidad en la nueva estrategia general para combatir el desempleo de larga duración y la exclusión económica...*"[7].

Continuando coas políticas de emprego para persoas con discapacidade, durante o período 1994-1999 creouse o **Fondo Social Europeo**. Consiste nun instrumento a través do cal os Estados membros destinaron doazóns para promover as oportunidades de emprego para as persoas con discapacidade.

Por outra parte, no ano 1999 entra en vigor o **Tratado de Amsterdam** que "*supuso un paso decisivo a favor de la igualdad de derechos de las personas con discapacidadad a escala comunitaria al incluir en su redacción un artículo general de lucha contra la discriminación*"[8]. Seguindo coa loita contra a discriminación, neste caso no mercado de traballo, nace

[5] ALBA, Alfonso e MORENO, Fernando (2004); páxina 34.
[6] Ídem, páxina 35
[7] Ídem, páxina 36.
[8] Ídem, páxina 36 e 37.

a iniciativa comunitaria **EQUAL** (2000-2006). Presenta actividades estruturadas en catro pilares de estratexia para o emprego:

- capacidade de inserción;
- espírito de empresa;
- adaptabilidade; e
- igualdade de oportunidades de homes e mulleres.

Insistindo na igualdade de oportunidades laborais para as persoas con discapacidade, no ano 1999 unha Resolución do Consello de Europa afirmaba que "*la igualdad de oportunidades para el empleo para las personas con discapacidad se mejoraría si se concediese una atención específica a algunas cuestiones críticas tales como la contratación y conservación de empleados en sus puestos, la capacitación, la formación continua y perfeccionamiento, la protección contra el despido injusto y la adaptabilidad del puesto de trabajo*"[9].

Finalmente destácase o "**Ano Europeo das Persoas con Discapacidade**" en 2003. Tivo unha gran relevancia por todas as actividades e medidas que se realizaron en tódolos Estados membros e, principalmente, porque aumentou a concienciación da sociedade sobre os dereitos das persoas con discapacidade, a súa non discriminación e a plena integración.

Ámbito español:

En primeiro lugar, a propia **Constitución Española** de 1978 prohibe no seu artigo 14 que a discriminación por calquera circunstancia social ou persoal; no artigo 49 especifica a obrigación dos poderes públicos de realizar unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais; e no artigo 35 recoñece especificamente o dereito a traballar en condicións de igualdade real e efectiva.

En base a previsión do artigo 49 da Constitución, créase a Lei de Integración Social de Minusválidos (**LISMI**) no ano 1982. "*Establece la ase de las políticas de integración laboral de las personas con discapacidad en España, siendo su objetivo primordial la integración de los minusválidos en el sistema de empleo ordinario o, en su defecto, su incorporación a un sistema*

[9] ALBA, Alfonso e MORENO, Fernando (2004); páxina 37 e 38.

de empleo protegido"[10]. Destaca a reserva do 2% a favor dedos traballadores discapacitados en empresas de 50 ou máis traballadores.

A través do Ministerio de Asuntos Sociais créase o **Plan de Acción para las Personas con discapacidad 1997-2002**. Nel aparecen programas para a rehabilitación laboral, para a protección social e económica dos discapacitados. Este Plan de Acción estaba orientado para mellorar a transición dende o colexio ao traballo e dende o emprego protexido ao emprego ordinario.

Por outro lado, no ano 2000, dentro do **Plan Nacional de Acción para el Empleo de Reino de España** destacaba un "*Programa de fomento del empleo para trabajadores discapacitados que establecía, entre otras medidas, menores cotizaciones para la contratación de personas con discapacidad*"[11].

No **Plan de Inclusión Social 2003-2005** aumentouse dende un 2% a un 4% o cupo reservado para as persoas con discapacidade nas ofertas de emprego público.

Finalmente, encóntrase en vigor o **Plan Nacional de Accesibilidad 2004-2012** que pretende ser "*un marco estratégico de acciones para conseguir que los entornos, los produtos y servicios nuevos se realicen de forma accesible al máximo número de personas, y que aquellos ya existentes se adapten convenientemente"*[12]. Os seus cinco obxectivos principais son:

- promocionar a accesibilidade e a cultura do "deseño universal";
- introducir a accesibilidade na xestión da acción pública;
- consolidar un sistema de normas legais e técnicas para a promoción da accesibilidade;
- promover actuacións de accesibilidade arquitectónica e urbanística para a elaboración de plans especiais de accesibilidade; e
- promover a accesibilidade das novas tecnoloxías.

[10] ALBA, Alfonso e MORENO, Fernando (2004); páxina 38.
[11] Ídem, páxina 39.
[12] Ídem, páxina 41.

Ámbito galego:

O artigo 4.2 do **Estatuto de Autonomía** atribúelle aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude. No seu artigo 27.23 recolle unha especial protección aos colectivos máis desfavorecidos, incluíndo como principio inspirador do sistema de servizos sociais a prevención sobre as causas que orixinen situacións de marxinación.

Por outra parte, a **Lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas** na Comunidade Autónoma de Galicia establece a "imprescindible sensibilización dos profesionais da arquitectura e o urbanismo" como un primeiro paso para a accesibilidade integral. Esta lei ten como reto abordar unha arquitectura e un urbanismo accesibles ao alcance dos cidadáns con mobilidade reducida.

Finalmente, a **Lei de servizos sociais de Galicia** ten por obxecto "estruturar e regular como servizo público, os servizos sociais para a construción do **sistema galego de benestar**". Deste xeito coordínanse todos estes sistemas e servizos sociais coas políticas que incidan na mellora do benestar da cidadanía galega.

1.1_2.3. A DISCAPACIDADE, REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E CAPITALISMO

As deficiencias humanas son tan antigas como a propia raza. Xa dende o Neanderthal, os arqueólogos teñen documentado a existencia de individuos que hoxe en día serían considerados discapacitados.

Por outra parte, na época dos gregos, os deuses eran os modelos a imitar pola sociedade. Só un deles tiña un defecto físico: Hefestos, fillo de Zeus e de Hera. Así foi que Zeus privou ao seu fillo do ceo. Despois Afrodita, deusa do amor, apiádase de Hefestos e cásase con el. Sen embargo, o matrimonio non durou e a deusa toma como amante a Ares (non discapacitado) porque o seu marido é un lisiado.

Por outra banda, é indudable a influencia que tivo a arquitectura grega en toda Europa e incluso en outras partes do mundo ao longo dos séculos. As súas construcións non tiñan preocupacións polas accesibilidades, consecuentemente, ao longo da historia, os edificios públicos e os máis emblemáticos presentaban dificultades para as persoas con deficiencias relacionadas coa mobilidade.

Polo tanto, a problemática relacionada coa discapacidade existiu ao longo da historia. Sen embargo, nesta análise a intención non é realizar un rexistro cronolóxico sobre os feitos relacionados con ela. O obxectivo é facer unha análise crítica sobre as **causas que levaron a discapacidade a ser considerada como un problema de integración**, tal como se entende na actualidade. Por este motivo pártese da Revolución Industrial e o establecemento da sociedade capitalista, xa que foron feitos que transformaron radicalmente o mercado de traballo prexudicando a integración laboral das persoas con discapacidade.

Trala Revolución Industrial, "*el sistema de producción desempeñaba un papel fundamental, en el sentido de que, con el surgimiento del capitalismo y de la posterior mano de obra individualizada en las fábricas, las personas con insuficiencias estaban en grave desventaja*"[13]. Deste xeito, a cantidade de persoas que tiveron que abandonar o seu posto de traballo foi tan elevada que se converteu nun problema social para o estado capitalista, cuxa resposta a estas persoas foi a desmoralización e a marxinación.

[13] OLIVER, Mike (1998); "*¿Una sociología de la discapacidad o una sociología discapacitada?*" in "*Discapacidad y sociedad*"; páxina 44.

Para Mike Oliver, "*cualquiera que fuese el destino de los discapacitados antes del advenimiento de la* ***sociedad capitalista****, y cualquiera que sea en el mundo feliz del siglo XXI, con la llegada de aquella padecimos la exclusión económica y social. Como resultado de esta exclusión, la discapacidad adquirió una forma determinada:* ***un problema individual que requería tratamiento médico***"[14]. Estas persoas convertéronse nun problema porque non estaban capacitadas para adaptarse as novas exixencias do mercado laboral. Deste xeito, pódese afirmar que "*las personas son discapacitadas no debido a sus insuficiencias físicas o mentales, sino por la configuración de una sociedad diseñada por y para las personas no discapacitadas*"[15].

Este contexto socioeconómico "*coincidió con el ascenso hasta un punto destacado de la profesión médica, que deseaba con ahínco legitimar las categorías de personas meritorias y no meritorias*"[16]. Consecuentemente, as persoas discapacitadas se lles puxo a etiqueta de doentes e foron tratadas polas institucións médicas.

Segundo os autores mencionados anteriormente, a discapacidade como problema social (tal como se entende na actualidade) foi consecuencia da Revolución Industrial e a súa posterior evolución na sociedade capitalista. Esta supuxo a indiviualización e a medicalización do corpo e a exclusión deste tipo de persoas.

Polo tanto, "*si deseamos eliminar el prejuicio, debemos detener y transformar este desarrollo. En este propósito se deben incluir, además de inciativas económicas y políticas, la construcción de una cultura que reconozca, tenga en cuenta y festeje la diferencia humana, cualquiera que sea su causa y no la oprima*"[17].

---

[14] OLIVER, Mike (1998); "*¿Una sociología de la discapacidad o una sociología discapacitada?*" in "*Discapacidad y sociedad*"; páxina 44.
[15] DRAKE, Robert F. (1998); "*Una crítica el papel de las organizaciones benéficas tradicionales*" in "*Discapacidad y sociedad*"; páxina 163.
[16] OLIVER, Mike; páxina 45
[17] BARNES, Collin;"*Las teorías de la discapacidad y los orígenes de la opresión de las personas discapacitadas en la sociedad actual*" in "*Discapacidad y sociedad*"; páxina 73.

1.1_2.4. O MERCADO DE TRABALLO

O estado español posúe unha alta taxa de desemprego comparándoo con outros estados da Unión Europea. Esta feito agrávase, aínda máis, no caso das persoas con discapacidade. Dúas de cada tres persoas con deficiencias son inactivas e a taxa de desemprego chega ao 21.0 % en Galicia (5 puntos inferior a media española).

Polo tanto, é evidente que "*las autoridades u organismos públicos deben adoptar medidas orientadas a la óptima incorporación al mercado de trabajo de las personas con discapacidad, así como todas aquellas medidas necesarias para el mantenimiento de los puestos de trabajo ocupados por estas personas*"[18]. Para chegar a tal fin non é suficiente realizar cambios lexislativos. É fundamental concienciar a sociedade para que rexeite todo tipo de prexuízos, favorecendo a convivencia de todo tipo de persoas, discapacitadas ou non.

No libro *Dispacidad y Mercado de Trabajo* distínguense tres grandes grupos de políticas sociolaborais:

- **Medidas incentivadoras de emprego**. O seu obxectivo é a integración laboral das persoas con discapacidade, ben a través da empresa ordinaria ou mediante a formula de emprego protexido nun Centro Especial de Emprego. Existen algunhas medidas como incentivos económicos para a contratación de discapacitados; obrigación de contar cun mínimo dun 2% de discapacitados en empresas superiores a 50 traballadores (4% se fose pública); proxectos subvencionados para a creación de Centros Especiais de Emprego, etc.
- **Medidas formativas**. Unha boa formación "*es la mejor garantía para la integración social y laboral*"[19] xa que se adquire unha aptitude específica para desenvolver unha determinada tarefa.
- **Medidas recuperadoras**. Trátase de daquelas que teñan como fin a recuperación, rehabilitación ou superación das deficiencias. Poden ser procesos sanitarios, orientación profesional, a readaptación dun posto de traballo, etc.

Un dos defecto das políticas de discapacidade é que, na práctica apartan a "*determinados colectivos de discapacitados del camino de la*

[18] ALBA, Alfonso e MORENO, Fernando (2004); "*Discapacidad y Mercado de Trabajo*"; páxina 31
[19] Ídem, páxina 32

inserción laboral con generosas prestaciones, en vez de hacer un esfuerzo real por potenciar sus posibilidades, sus capacidades"[20]. É lóxico ofrecer axudas económicas a quen o necesite, o problema dase cando unha persoa se converte nun pensionista só por padecer unha discapacidade, independentemente da idade que teña. Deste xeito, esa prestación pode significar un obstáculo para a inserción laboral. A solución pasa por potenciar unha vida laboral activa a través da motivación destas persoas para que sexan partícipes da súa propia integración.

Outro factor importante é a implicación das empresas. A pesar das "medidas incentivadoras de emprego" definidas anteriormente, é fundamental un cambio de mentalidade respecto o trato ás persoas con discapacidade. Indudablemente, "*la efectividad de estas medidas depende de la predisposición de los empleadores para ayudar a los discapacitados a encontrar (o mantener) un trabajo*"[21].

Centro Especial de Emprego

Segundo o artigo 37 da LISMI, a finalidade primordial das políticas de emprego para traballadores minusválidos debe ser a integración dos mesmos no sistema ordinario de traballo ou, no seu defecto, a súa incorporación ao sistema produtivo mediante a fórmula especial de traballo protexido: os Centros Especiais de Emprego (C.E.E.).

Estes C.E.E. son empresas normalizadas que actúan no mercado, cuxo obxectivo principal é proporcionar aos traballadores con discapacidade un posto de traballo (remunerado) adecuado ás características persoais.

Estes centros, por unha parte teñen unha finalidade empresarial e por outra ofrecen un servizo asistencial aos seus empregados. Con esta experiencia, ademais da creación de riqueza e de postos de traballo, debe funcionar como unha ponte cara o mercado de traballo ordinario.

Os C.E.E. poden ser de titularidade pública ou privada e, incluso poden carecer ou non de ánimo de lucro. Estes centros deben contar cun mínimo do 70 % de empregados cun grado de minusvalía superior ou igual ao 33%.

[20] ALBA, Alfonso e MORENO, Fernando; páxina 165
[21] Ídem,páxina 31

1.1_2.5. ANÁLISE ESTADÍSTICA E TIPOLOXÍAS DE DISCAPACIDADE

En España hai máis de 3.800.000 discapacitados, o que supón, aproximadamente, o 8.5 % da poboación total (máis de 46 millóns)[22]. Polo tanto unha de cada dez persoas tiñan algún tipo de discapacidade. En función da comunidade autónoma as estatísticas de discapacidade poden variar considerablemente. Por este motivo, esta análise céntrase no ámbito territorial de Galicia en xeral e na provincia de Pontevedra en particular.

Os datos empregados son os correspondentes ao **Censo de persoas con discapacidade** de Galicia, actualizado o día 17 de Maio de 2010. Os gráficos son de elaboración propia.

A continuación analizarase a distribución das persoas con discapacidade en Galicia, por provincias, grupos de idade e tipoloxías. Ao analizar os datos, débese ter en conta que o número de discapacitados non coincide co número de discapacidades, xa que unha persoa pode ter máis dunha discapacidade. Concretamente existen 262.847 discapacidades en 208.873 galegos/as.

[22] www.ine.es

Distribución provincial de persoas con discapacidade:



Gráfico1. Distrbución provincial de persoas con discapacidade.
Elaboración propia. Fonte: www.ige.es.

Galicia conta cunha poboación de 2.796.089, das cales 208.873 están inscritas no censo de persoas con discapacidade. Polo tanto, o 7'47 % dos galegos/as padece algún tipo de discapacidade.

Por provincias son A Coruña e Pontevedra as que máis discapacitados teñen, xa que tamén son as máis habitadas. En termos relativos, a porcentaxe de persoas con deficiencias en cada provincia sería a seguinte:

- A Coruña: 7'90 %
- Lugo: 6'79 %
- Ourense: 6'08 %
- Pontevedra 7'70 %

As provincias occidentais (as máis poboadas) son as que teñen unha taxa de discapacidade máis elevada, superior a media galega (7'47 %). Pola contra, as provinciais orientais teñen unha menor porcentaxe de persoas con discapacidade, especialmente no caso de Ourense, con case 1.5% menos que a media de Galicia.

Distribución por grupos de idade:



Gráfico 2. Distribución por grupos de idade.
Elaboración propia. Fonte: www.ige.es

A metade da poboación discapacitada non está en idade de traballar, ben porque aínda non cumpriu os 16 anos (4.099 persoas) ou ben porque xa están en idade de xubilación, é dicir máis de 65 anos (100.0097 persoas).

Por outra parte, a medida que eleva a idade tamén o fai o número de discapacitados. Tendo en conta que a esperanza de vida está aumentado cada vez haberá máis persoas discapacitadas nos tramos de idade máis altos.

Distribución por tipo de discapacidade e provincia:



	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Física	69588	15191	12366	54475
Sensorial	16450	4557	3456	13381
Psíquica	31826	9224	6890	25443

Gráfico 3. Distribución por tipo de discapacidade e provincia
Elaboración propia. Fonte: www.ige.es

Na comunidade hai un total de 262.847 discapacidades distribuídas en 151.620 físicas, 37.844 sensoriais e 73.383 psíquicas. Esta proporción é similar en todas as provincias. No caso de Pontevedra 6 de cada 10 discapacidades son físicas e 3 de cada 4 psíquicas. As sensoriais son máis excepcionais, xa que só supoñen un 14% das discapacidades na provincia.

Distribución por tipo de discapacidade física



Gráfico 4. Distribución por tipo de discapaciade física
Elaboración propia. Fonte: www.ige.es

Relativamente as discapacidades físicas distínguense 8 tipoloxías:

- Sistema ostereoarticular
- Sistema nervioso e muscular
- Aparato respiratorio
- Aparato circulatorio
- Aparato dixestivo
- Aparato xenito urinario
- Sistema endocrino metabólico
- Outros trastornos

Entre as discapacidades físicas destaca a do sistema ostereoarticular con preto de 90.000 casos, seguido moi de lonxe polas do aparato circulatorio e as do sistema nervioso e muscular con aproximadamente 46.000 e 35.000 respectivamente.

Entre 12.000 e 18.000 discapacidades cada unha encóntranse as do aparato respiratorio, aparato dixestivo, aparato xenito urinario e sistema endocrino metabólico.

Finalmente, con menos de 12.000 casos están o resto das discapacidades, agrupadas na categoría de “outros trastornos”.

Distribución por tipo de discapacidade sensorial:



Gráfico 5. Distribución por tipo de discapacidade sensorial.
Elaboración propia. Fonte: www.ige.es

Tendo en conta as discapacidade sensoriais, practicamente a metade delas son auditivas e a outra metade son visuais. Das 41.508 discapacidades deste tipo que hai en Galicia, apenas un 7% son da linguaxe e apenas 100 persoas padecen "outros trastornos".

Distribución por tipo de discapacidade psíquica:



Gráfico 6. Distribución por tipo de discapacidade psíquica.
Elaboración propia. Fonte: www.ige.es

En canto as 79.727 discapacidades psíquicas que existe na comunidade, hai unha variedade de tipoloxías moito maior. Únicamente destacan cun 30% as enfermidades mentais. Outro 30% súmano as restantes discapacidades psíquicas especificadas no gráfico. O restante 40% está agrupado na categoría de "outros trastornos".

Evolución do número de discapacidades segundo o seu grado:



	2005	2006	2007	2008	2009
TOTAL	222436	235669	253981	245686	260370
Do 33% ao 64%	93066	99984	108282	110756	118049
Do 65% ao 74%	72877	75910	79407	75798	79009
75 % ou máis	56493	59775	66292	59132	63312

Gráfico 7. Evolución do número de discapacidades segundo o seu grado.
Elaboración propia. Fonte: www.ige.es

En primeiro lugar obsérvase que o grado de discapacidade predominante é o comprendido entre o 33% e o 64% con case 120.000 casos en decembro de 2009. A continuación, hai 79.000 discapacidades que se encontran no rango do 65% ao 74% e máis de 63.000 que se encadran no grado máis elevado.

Segundo o gráfico, pódese observar que o número de discapacidades ten tendencia a aumentar lixeiramente, especialmente nas de menor grado.

Por outra parte, durante o ano 2008 efectuouse unha depuración do censo que provocou unha diminución de persoas discapacitadas. Esta diminución repercutiu nas discapacidades de maior grado. No caso das comprendidas entre o 33% e o 64% aumentaron, aínda que en menor medida que no resto de anos.

1.1_2.6. CONCLUSIÓNS

A discapacidade é un preocupación de ámbito mundial, e por iso estanse a tomar medidas coordinadas en gran parte do planeta.

Neste tema é fundamental a concienciación da sociedade, xa que as medidas que se están tomando van máis alá da supresión de barreiras arquitectónicas. A discapacidade non debe ser considerada un problema individual que requira un tratamento médico. Pola contra, é importante incentivar a integración laboral e social.

Trala análise realizada baseada en diferentes autores de prestixio, obsérvase que as causas que orixinaron que a discapacidade sexa un problema para a integración laboral e social, nacen da Revolución Industrial e da creación da sociedade capitalista. Foron feitos que transformaron radicalmente o mercado de traballo prexudicando a integración laboral das persoas con discapacidade. Os novos sistemas de produción implicaban unha man de obra individualizada nas fábricas, o que supoñía unha clara desventaxa para as persoas con algún tipo de dificiencia física. Como consecuencia, moitas delas tiveron que abandonar o seu posto de traballo. Provocando, deste modo, un problema social cuxa resposta a estas persoas foi a desmoralización e a marxinación.

Na actualide estase loitando contra estes problemas, asumidos como sociais, dende as diferentes institucións públicas do planeta. Cada vez máis, as persoas con algún tipo de discapacidade conseguen acceder a un posto de traballo superando barreiras físicas e sociais. Sen embargo, seguen sendo unha minoría, polo que aínda queda moito traballo por realizar.

As persoas con discapacidade deben ser os primeiros en asumir os seus problemas, saber convivir con eles e loitar pola súa integración na sociedade. Todas as persoas deben ser iguais en dereitos, deberes e **dignidade**; a pesar de ser moi diferentes en moitos aspectos. O mérito reside en saber convivir con esas **diferenzas**.

1.1_3 ESTUDO DO LOCAL

1.1_3.1. SITUACIÓN

Fig. 1. Plano de situación.
Elaboración propia. Fonte: Cartografía municipal.

Tomiño sitúase na comarca do Baixo Miño, no extremo suroccidental da provincia de Pontevedra. O municipio, limitado por montañas, forma parte do val do Miño e fai fronteira con Portugal. De forma natural, encóntrase enmarcado pola Serra do Argallo ao **Oeste**, que o separa do municipio do Rosal e de Oia; ao **Norte**, a prolongación dos montes de A Groba e do Galiñeiro, limítao cos municipios de Baiona e Gondomar; ao **Leste** estes accidentes naturais van perdendo altitude a medida que se vai acercando as terrazas fluviais do Miño, relevo que o separa do municipio de Tui; e ao **Sur**, o Miño é o límite fronteirizo natural con Portugal.

O concello ten unha superficie de 106,6 km², sendo o maior en extensión da comarca, e unha poboación de 13.469 habitantes, repartidos en 15 parroquias. A súa densidade de poboación é de 109,28 hab./Km².

Na parroquia de Santa María de Tomiño encóntrase O Seixo, onde están as principais institucións públicas. A parcela onde se vai proxectar o Centro de Discapacitados Vontade sitúase na Zona de A Rocha, a uns 500 metros da casa do concello.

1.1_3.2. ENCADRAMENTO XERAL

Zonas:



1. O SEIXO: zona urbana 2. A ROCHA: zona de equipamentos 3. SOLLEIRO: zona deportiva/educativa

Fig. 2. Planta de zonas.
Elaboración propia. Fonte: Cartografía municipal.

Na envolvente do local de estudo e en apenas 2.000 metros, existen tres zonas claramente diferenciadas e separadas. Ao analizalas en conxunto, obsérvase a falta dunha intervención a nivel urbanístico que as vertebre para acadar unha conexión física e social entre elas.

En primeiro lugar, **O Seixo** é unha zona urbana que acolle o maior núcleo de poboación do municipio. Nel atópase a casa do Concello e as principais institucións públicas e servizos administrativos (xulgado, OMIX, praza de abastos...).

A continuación, en **A Rocha**, existe unha zona de equipamentos de gran importancia como o Centro de Saúde, un Centro de Día, a Casa da Cultura, etc. Polo tanto hai un elevado número de persoas transitando ao longo do día e que veñen dende diferentes puntos do Concello. Nesta área proxectarase o Centro de Discapacitados Vontade.

Finalmente, en **A Carballa** encóntranse os equipamentos relacionados co deporte e a educación (I.E.S. Tomiño, pavillón polideportivo, campo de fútbol...). ademais está pendente de construción a piscina municipal.

Eixos principais:

Fig. 3. Planta de eixos principais.
Elaboración propia. Fonte: Cartografía municipal.

O crecemento urbano parte de dous eixos que se cruzan perpendicularmente. No entorno deste cruzamento pódese observar o maior desenvolvemento urbanístico.

Estes eixos son as vías principais que comunican O Seixo con outros territorios do concello e de fora del. Ao Norte encóntrase os concellos de Gondomar e Baiona e o futuro polígono industrial; polo Sur vaise A Guarda e a Portugal; e polo Este a Tui.

1.1_3.3. ANÁLISE URBANA

Cheos e baleiros:

Fig. 4. Planta de cheos e vacios
Elaboración propia. Fonte: Cartografía municipal.

Os "cheos" correspóndense as construcións e os baleiros son principalmente as rúas e os espazos aínda sen edificar ou que están fora do límite urbano.

A densidade de construción é relativamente elevada dentro do ámbito urbano e ten tendencia a aumentar. Estas edificacións están implantadas ao límite da rúa e, salvo casos puntuais, non dispoñen de espazos exteriores propios.

No caso dos "baleiros" destacan a Praza do Seixo e a Praza da Mina e dous espazos de zonas verdes.

Vías e cuarteiróns:



Fig. 5. Planta de vías e cuarteiróns
Elaboración propia. Fonte: Cartografía municipal.

Tal como se pode observar nesta imaxe apenas existen algúns cuarteiróns na zona máis céntrica do ámbito urbano. Estes teñen unha forma irregular, sensiblemente rectangulares e alongados.

Dunha forma xeral, vese un planeamento deficiente, xa que as edificacións simplemente foron ocupando ambos marxes das vías deixando apenas espazo para peóns.

Espazos públicos:



Fig. 6. Planta de espazos públicos
Elaboración propia. Fonte: Cartografía municipal.

Os espazos públicos concéntranse principalmente no núcleo central de O Seixo. O resto encóntranse en A Rocha.

Prazas (A):

I. 1. Praza do Seixo (A1)

I. 2. Praza da Mina (A2)

I. 3. Praza da Mina 2008 (A2)

O Seixo ten dúas prazas. A principal é a Praza do Seixo, na que se encontra o Concello e a Praza de Abastos. Nela atópase unha rotonda da que saen catro vías e ten gran cantidade de aparcamentos. O espazo restante é o que se pode considerar como "praza" no seu sentido social, o cal encóntrase bastante reducido e fragmentado polas catro vías. Polo tanto, a pesar de ser esta a praza principal de Tomiño está máis pensada para o tránsito de vehículos que para as persoas. Unha situación similar sucedía ata finais do 2008 na Praza da Mina. Como se pode observar na **I.3.** tratábase dunha zona de aparcamentos. Na ano 2009 foi humanizada creando un espazo de lecer con zonas verdes, árbores, un parque infantil e esculturas.

Parques e xardíns (B):

I. 4. Campo da feira (B1)

I. 5. Alameda (B2)

En canto ás zonas verdes destaca o Campo da feira que conta cun amplo xardín con gran cantidade de árbores. É un gran espazo de ocio e lecer, conta ademais con mesas, fontes, unha pequena pista de fútbol e baloncesto, un parque infantil e unha pista de skate. Por outra parte, a escasos metro da Praza do Seixo e ao lado do Centro Social atópase unha pequena Alameda cun xardín e algúns bancos.

Edificios públicos en O Seixo (C):

I. 6. Concello (C1)

I. 7. Praza de abastos (C2)

I. 8. Xulgados (C3)

I. 9. Colexio infantil (C4)

I. 10. Omix (C5)

I. 11. Centro social (C6)

Os principais edificios públicos encóntranse na Praza do Seixo e son o Concello, o Mercado Municipal (máis coñecido por Praza de Abastos) e o edificio do Xulgado e doutros servizos administrativos. No Campo da Feira está a Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX), que ademais ten unha pequena biblioteca e unha sala de ordenadores para a realización de cursos de informática. Finalmente, o Centro Social situase ao lado da Alameda.

Edificios públicos en A Rocha (C):

I. 12. Policia local (C7)

I. 15. Casa da cultura (C8)

I. 13. Garda civil (C9)

I. 16. Centro de día (C10)

I. 14. Centro de saúde (C11)

I. 17. Entrada centro de saude (C11)

En A Rocha están as instalacións da Policía Local e Protección Civil (no antigo Centro de Saúde), así como o cuartel da Garda Civil. Ao lado da vía principal atópase a Casa da Cultura. Finalmente, tamén se poden observar dúas construcións que ofrecen servizos sociais: o novo Centro de Saúde construído no ano 2008 e Centro de Día (pendente de inaugurar).

Zonas arboradas:

Fig. 7. Planta de zonas arboradas.
Elaboración propia. Fonte: Cartografía municipal.

A envolvente do local de estudo está caracterizada por grandes zonas arboradas que, a pesar de non estar o suficientemente valorados teñen un gran valor ambiental.

O desenvolvemento urbanístico non só non aproveitou as potencialidades da súa envolvente, senón que lle deu as costas coas súas construcións creando grandes barreiras (edificacións) entre o espazo público (as rúas) e estas zonas arboradas.

1.1_3.4. ANÁLISE DA PARCELA E O SEU ENTORNO

Entorno natural e construído:

Fig. 8. Planta de entorno natural e construído.
Elaboración propia. Fonte: Cartografía municipal.

A Rocha sitúase sobre un pequeno montículo rodeado dunha ampla zona arborada. Esta zona é frecuentada por veciños de todas partes do concello debido a que existen edificios no que se ofrecen servizos a todo o municipio:

1. Centro de día.
2. Centro de saúde.
3. Policía local.
4. Casa da cultura.
5. Cuartel da garda civil.

O Centro de Discapacitados implantarase entre o Centro de Día e o Cuartel da Garda Civil. Ademais destes edificios públicos tamén hai unha farmacia e un comercio.

Por outra parte, existen vivendas de protección oficial a ambas marxes da vía principal e vivendas unifamiliares convencionais no entorno máis próximo á parcela onde se realizará o proxecto.

Polo tanto, todos estes servizos provocan un importante fluxo de persoas de diferentes partes do municipio no entorno do Centro de Discapacitados

Accesos:

Fig. 9. Planta de accesos.
Elaboración propia. Fonte: Cartografía municipal.

O acceso principal parte da estrada que vai para O Seixo e está orientado case perpendicularmente a zona máis elevada da parcela do proxecto. A través deste tamén se accede ao Centro de Día, a uns aparcamentos que se encontran entre este e o Centro de saúde e a varias vivendas unifamiliares. O espazo público consiste nunha zona peonil, na que se permite tránsito de vehículos e que foi urbanizada no ano 2009.

En canto aos accesos secundarios, o primeiro é un camiño de terra que se encontra ao lado do Cuartel da Garda Civil e o segundo ven dende o Centro de Saúde a través dunhas escadas que soben ata a zona de aparcamentos anteriormente mencionada.

I. 18. Acceso principal

A parcela:



Fig. 10. Planta da parcela.
Elaboración propia. Fonte: Cartografía municipal.

A parcela ten forma irregular, seméllase a un rectángulo cunha das esquinas quebradas. Encóntrase en SOLO URBANO CONSOLIDADO e está afectada pola ORDENANZA Nº 3 (EQUIPAMENTOS).

Outros condicionantes urbanísticos que delimitan a área de implantación son os recuamentos mínimos de 3 metros a lindeiros e de 2 metros á fronte de parcela.

O terreo presenta un desnivel de case seis metros dende o Centro de Día ata o Cuartel da garda civil.

1.1_3.5. ACTIVIDADES ECONÓMICAS

O sector dos cultivos proporciona un importante desenvolvemento económico e social na comarca do Baixo Miño, en especial no Concello de Tomiño. Isto é debido ás importantes extensións de terreo dedicadas ao **cultivo de vide, kiwi, flor, produtos da horta e de planta ornamental.** Polo tanto,estas nunha actividades son grandes fontes de emprego e riqueza.

O excepcional microclima da zona, xunto coa calidade das súas terras ácidas, propiciaron *"o desenvolvemento deste sector, que aglutina a produción de planta ornamental, flor e produto da horta. Na actualidade dedícanse máis de 100 hectáreas á produción de plantas ornamentais, unhas 50 hectáreas á produción de flor e a mesma extensión de terreo a produtos da horta"*[23].

É un sector dinámico que continúa crecendo e expandíndose. Exporta a países coma Portugal, Francia, Inglaterra, Bélxica ou Suíza. A principal produción dos viveiros céntrase nas "*plantas e árbores ornamentais, coma por exemplo hortensias, rododendros, camelias, magnolios, azaleas, acivros... Pero tamén están adquirindo nos últimos anos un importante peso a produción de froitas coma o kiwi ou o mirabel, de produción única nesta zona e tamén a de flor e produtos da horta, que son a materia prima das conserveiras vexetais da zona*"[24].

O principal obxecto de produción e exportación en Tomiño é o kiwi. Dentro do estado español, a súa produción concéntrase principalmente en Galicia, "*que acada o 55% da produción estatal, pero o dato máis interesante e pouco coñecido ata o de agora, é que o 60 % da superficie cultivada se atopa no Baixo Miño*"[25]. É dicir, unha de cada tres hectáreas de kiwi do Estado encóntrase na comarca do Baixo Miño; principalmente no seu concello máis extenso: Tomiño.

Polo tanto o sector dos cultivos é un dos maiores e máis representativos motores de creación de emprego, tanto no concello como na comarca.

[23] www.concellotomino.com/Tur_cultivos.aspx
[24] Ídem.
[25] Ídem.

1.1_3.6. CONCLUSIÓNS

Relativamente ao ámbito urbano do Seixo, o seu desenvolvemento limítase a construír a ambos límites das rúas. Este crecemento orixinou unhas grandes barreiras (edificacións) que lle dan as costas as amplas zonas arboradas da súa envolvente.

A pesar da existencia dalgúns parques e zonas axardinadas como o Campo da Feira e da recente humanización da Praza da Mina, no núcleo urbano obsérvase unha falta de areas verdes e de espazos públicos de calidade.

A Rocha é unha zona próxima ao Seixo onde se concentran varios servizos públicos, polo que existe un importante fluxo de persoas de diferentes partes do municipio. Este desenvolvemento social ten gran importancia para o Centro de discapacitados, xa que posibilita a relación dos usuarios coas persoas.

Finalmente, a principal actividade económica do entorno é a do sector dos cultivos. Xera unha gran cantidade de postos de traballo e este feito debe ser considerado para a elaboración deste do Proxecto. A integración laboral é un dos obxectivos principais e por iso débese formar aos usuarios nesta actividade.

1.1_4. ESTADO DA ARTE

1.1_4.1. ENCADRAMENTO XERAL

Existen, tanto no Baixo Miño como nas comarcas do entorno, centros de discapacitados ou espazos análogos. Ningún deles é un edificio creado de raíz pensado para este uso, senón que son adaptacións doutros xa existentes. Os Centros creados especificamente para este uso soen estar en núcleos de poboación maiores.

Na comarca existen tres centros de discapacitados. Un deles é o da asociación Vontade (Guillarei-Tui) e trata a persoas con deficiencias físicas ou sensoriais. O seu centro encóntrase nunhas pésimas condicións e apartado dos núcleos de poboación. Co novo centro en Tomiño pretendese crear unhas instalacións dignas nunha zona con un elevado fluxo de persoas. Por outra parte, esta localidade ocupa un territorio central dentro da comarca e con boas comunicacións con outros concellos limítrofes polo Norte, facilitando o servizo de transporte. Os outros dous centros encóntranse en A Guarda. Un deles trata a persoas con discapacidade mental (Avelaíña) e o outro as que teñen discapacidade intelectual (San Xerome). No seu conxunto, os tres centros funcionan de maneira complementaria dando servizo a persoas con calquera tipo de discapacidade. Ademais, colaboran entre eles a través do "Mercado solidario", un stand no que venden os seus produtos en diferentes feiras, actos ou festas da comarca.

O **ANEXO 3** é constituído polas fichas dos tres centros analizados. As características de cada un deles, o seus servizos e a súa calidade arquitectónica varía en función das necesidades e o contexto social e espacial no que se encontran. Estes centros son:

FICHA I: Centro de Formación Vontade

FICHA II: Centro de Discapacitados Ambar

FICHA III: Centro discapacitados Joan Crespi

As fichas están estruturadas en 10 partes, de tal xeito que se poidan estudar individualmente cada unha e para, posteriormente, realizar unha análise comparativa dos tres Centros. As 10 partes en que se dividen son as seguintes:

a. Datos xerais do centro
b. Entorno
c. Contextualización
d. Caracterización do edificio
e. Programa de usos
f. Organigrama
g. Análise funcional
h. Conclusións
i. Rexistro fotográfico
j. Rexistro gráfico

1.1_4.2. ANÁLISE COMPARATIVA

I. 19. I.Vontade (Tui) **I. 20.** II. Ambar (Ribeira) **I. 21.** III. Joan Crespi (Mallorca)

A. Datos xerais:

Estes centros están situados en diferentes partes de Galicia e das Illas Baleares. Os dous primeiros pertencen as asociacións de discapacitados de Vontade e Ambar e a área de influencia é a súa comarca: O Baixo Miño e a Barbanza respectivamente. No terceiro caso, o ámbito de actuación é a propia cidade na que se encontra e depende directamente do Concello de Palma de Mallorca. A pesar de que este último ocupa un territorio moito máis pequeno a poboación existente nel é moito maior.

Mentres que Vontade e Ambar atenden diariamente a 50 e 80 usuarios fixos respectivamente, no Joan Crespi atenden unhas 100 persoas e ofrecen consultas a outros usuarios esporádicos, sendo estes uns 8.000 ao ano.

B. Entorno:



I. 22. I.Vontade (Tui) **I. 23.** II. Ambar (Ribeira) **I. 24.** III. Joan Crespi (Mallorca)

Os entorno destes centros son totalmente diferentes: o de Vontade atópase rodeado de naves industriais e un cemiterio lonxe dos núcleo de poboación; o de Ribeira está nun ambiente natural ao lado e dous colexios e preto da capital municipal; e o Centro de discapacitados Joan Crespi encóntrase no medio da cidade de Palma de Mallorca, nun entorno urbano e cunha praza enfronte.

C. Contextualización:

O Centro de discapacitados Vontade non foi construído de raíz para este uso, senón que foi unha adaptación doutro xa existente. O centro de formación, como tal, ocupa parcialmente a segunda planta. Os outros dous son de recente construción. O de Ambar leva funcionando dende setembro de 2009 e aínda ten pendente unha segunda fase de construción. O mallorquín foi inaugurado en 2007, pero non se puso en funcioinamento ata finais de 2009.

D. Caracterización do edificio:

	I. VONTADE	II.AMBAR	III. JOAN CRESPI
Arquitecto/A	---	Ana Isabel Escurís Villanustre	Javier de Mateo e Carlos Asensio Wandosell
Ano de const.	---	2009. (Aconstruír a 2º fase)	2007
Accesibilidade	Regular.	Óptima. O edificio so ten unha planta	Óptima. O edificio ten ascensores e rampas ata o último piso.
Tipo de planta	Rectangular	3 módulos rectangulares.	Aproximadamente rectangular con entrantes e saíntes na fachada principal
Nº de alturas	Dúas	Unha	Dous sotos máis 5 alturas
Volumetría	Paralelepípedo formado por tres módulos lonxitudinais	Paralelepípedo formado por tres módulos lonxitudinais creando patios/xardíns entre eles	Distínguense dous corpos: o primeiro é de tres niveis e o segundo de cinco plantas.
Estrutura	Formigón armado.	Formigón pretensado	Formigón armado e pilares metálicos.
Revestimento das paredes	Bloques de cor branca	Acabamento pulido do formigón	Tablóns de madeira de cedro roxo canadense e policarbonato.
Carpinterías exteriores	Aluminio. Cor branca	PVC branco	Trespa
Carpinterías interiores	Madeira. Cor branca	Madeira	Paneis fenólicos
Calidade arquitectónica	Pésima	Boa	Boa
Calidade const.	Mala	Boa	Boa
Estado da const.	Regular	Boa	Boa
Outros		Gran luminosidade no interior	Gran luminosidade, patios axardinados e sistema de ventilacións cruzadas.

E. Programa de usos:

I. VONTADE

- Dirección
- Administración/ despachos para profesionais
- Aula de informática personalizada
- Aula de marroquinería e manualidades
- Aula de lectoescritua
- Aula de terapia ocupacional
- Taller de cerámica e encadernación
- Taller de serigrafía para camisetas e pegatinas
- Biblioteca/sala de psicoloxía
- Aula para a formación de emprego e aula de informática
- Aula de apoio a E.S.O.
- Sala para grupo de autoapoio
- Cociña

II.AMBAR

- Servizo galego de colocación
- Ximnasio
- Biblioteca
- Comedor
- Cociña
- Despensa
- Sala de estar
- Oficina de prácticas
- Recepción (oficinas)
- Oficinas
- Conserxería
- Dirección
- Oficinas
- Vestiarios (masculinos e femininos)
- 2 talleres
- Aula práctica
- Aula técnica
- Formación básica adultos
- Aula de respiro familiar

III. JOAN CRESPI

- Aparcamentos
- Información/recepción
- Baños e vestiarios para usuarios e persoal
- Arquivo
- Sala de espera
- Despachos para consultas, psicólolgos, médicos, traballo social e monitores (sección adultos)
- Salas para logopeda, psicomotrocidade, fisioterapia, traballador social, psicólogos, médico (sección infantil)
- 4 aulas de atención primaria infantil
- Biblioteca
- Secretaría
- Administración
- Dirección
- Sala de reunións
- Cociña
- Comedor
- 10 habitacións con baño terraza e xardín para grandes discapacitados
- Sala con cociña, comedor e zona de TV
- Sala de visitas
- Sala de curas
- Ximnasio con piscina terapéutica
- Vestiarios
- Sala de rehabilitación e terapia ocupacional

F. Organigrama / G. Análise funcional:

A funcionalidade varía en función das necesidades e dos medios dispoñibles. Así pois non será o mesmo un centro comarcal construído sobre a base dunha nave industrial como o de Vontade que un centro moito máis grande nunha gran cidade e que debe ofrecer unha alta variedade de servizos a un gran número de discapacitados.

A través dun patio central na primeira planta chégase ao vestíbulo do segundo piso onde se desenvolve o Centro de Recursos **Vontade**. Dende este distribuidor accédese a parte das dependencias do centro e a un segundo vestíbulo que se comunica coas restantes salas e no que, a súa vez, encóntrase unha aula de informática.

O Centro de recursos **Ambar** ten un amplo vestíbulo a partir do cal saen tres grandes corredores lonxitudinais polos que se accede a tódalas dependencias do centro.

Finalmente, no Centro de Discapacitados **Joan Crespi** éntrase no edificio a través de dous vestíbulos que dan paso a un gran corredor/distribuidor lonxitudinal, e a partir deste chégase aos dous núcleos de accesos (escadas e ascensores) e a zona de rampas que chegan ata o último piso. A disposición dos espazos é similar en tódalas plantas e divídese en tres partes: na primeira, contra a fachada principal, están as salas de traballo; na zona central encóntranse os grandes distribuidores lonxitudinais; e en terceiro lugar están os accesos verticais, zonas técnicas e instalacións sanitarias.

1.1_4.3. CONCLUSIÓNS

Os tres centros analizados son moi diferentes entre eles. Sen embargo, ao mesmo tempo son representativos da variedade de situacións nas que se poden atopar. Todos deberon adaptarse as súas necesidades e ao contexto no que se atopan.

Vontade simboliza unha situación habitual:

- a adaptación a un local xa construído;
- a falta de dignidade de espazos, de funcionalidade e de accesibilidade; e
- a falta de calidade arquitectónica e construtiva.

Ambar simboliza o paso adiante dado nalgunhas comarcas**:**

- é un centro de nova construción;
- insírese nun entorno natural e próximo dun núcleo de poboación; e
- presenta unha boa accesibilidade e funcionalidade.

Joan Crespi simboliza os novos centros das cidades:

- ten maiores dimensións e servizos;
- intégrase no entorno urbano; e
- ten gran calidade arquitectónica: funcionalidade, accesibilidade, control da ventilación e iluminación natural, patios axardinados...

Dos tres centros pódense quitar aspectos positivos. De Vontade, o seu programa de usos, xa que ten unhas necesidades similares ás do Centro que é obxecto deste traballo; de Ambar, a importancia da accesibilidade e funcionalidade debido as limitacións físicas dos usuarios; e do Joan Crespi, a súa integración no entorno, a calidade de espazos arquitectónicos e o control da iluminación e ventilación natural.

1.1_5 DEFINICIÓN DO PROGRAMA BASE

1.1_5.1. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

O proxecto para o Centro de Discapacitados Vontade ten tres obxectivos principais co fin de promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con discapacidade e que xa foron mencionados na introdución desta análise:

- proxectar un Centro de Discapacitados fundamentado e innovador, que favoreza a **relación usuario-sociedade**;
- ter en conta as principais actividades económicas do entorno e desenvolvelas no centro para que a poboación poida acudir a el e relacionarse cos usuarios;
- desenvolvelo concepto de "deseño universal".

O proxecto deberá estar o mellor integrado posible no seu entorno. A través da súa implantación, do seu deseño, dos seus servizos e das súas zonas exteriores preténdese que se converta nun foco de atracción para a sociedade en xeral e que, deste xeito, se relacione cos usuarios. Concretamente, no entorno máis próximo non existe ningunha área de ocio e lecer, polo que será importante crear unha **zona axardinada** na parcela do Centro, onde poidan acudir as persoas a descansar ou a pasar o tempo ao mesmo tempo que entra en contacto co usuarios.

Tal como se mencionou anteriormente, as principais actividades económicas do entorno son as relacionadas co sector da **planta ornamental**. Polo tanto, no centro deberá existir, entre outras, unha formación orientada a esta saída laboral a través de aulas específicas, incluído un invernadoiro. Por outra parte e para fomentar a relación usuario-sociedade crearase un **punto de ventas**. Nel poderase ofertar ao público en xeral servizos e produtos elaborados polos propios usuarios, que ademais dos relacionados coas plantas pode haber moitos outros: marroquinería, encadernación, cestería, manualidades, cerámica, serigrafía, etc.

Na zona de A Rocha existe unha gran afluencia de persoas que veñen de tódolos puntos do concello debido a concentración de servizos neste entorno. Aproveitando este desenvolvemento social, crearase no Centro unha **cafetería**. O seu fin non é atraer ao maior número de "clientes" para obter un beneficio económico, pola contra preténdese atraer as "persoas" para que se relacionen cos usuarios.

Despois de varias entrevistas con responsables de varios centros de discapacitados, principalmente de Vontade, definíronse as tres partes fundamentais en que se divide este centro: **centro de día**, **centro ocupacional** e **centro prelaboral**. A través destas seccións, xunto cun **servizo de comedor** e de **transporte adaptado** pretendese atender a calquera discapacitado físico ou sensorial do Baixo Miño e dos concellos limítrofes e axudalos na súa integración escolar, social e laboral.

Con este proxecto procúrase alcanzar unha arquitectura que garanta a autonomía para unha ampla diversidade de persoas. Polo tanto, a través do concepto de "**Deseño universal**" proxectarase pensando nos individuos con necesidades especiais e así beneficiarase a todas as persoas.

1.1_5.2. DEFINICIÓN DOS USOS

Os usos cos que contará o Centro de Discapacitados Vontade foron escollidos en función das necesidades dos seus usuarios, do contexto socioeconómico do entorno e das indicacións do presidente da asociación Vontade.

En primeiro lugar, para o correcto funcionamento de centro deberá existir unha **área administrativa** formada pola dirección, a administración e unha sala de reunións. Ademais, tamén debe existir integrada nesta área e no vestíbulo de entrada unha recepción que estará ocupada por usuarios do centro.

Tal como se dixo anteriormente, a construción contará con centro de día, centro ocupacional e centro prelaboral. A pesar diso, practicamente non haberá ningunha sala exclusiva para un deles, senón que poderán ser comúns a dúas ou a tres partes. Sen embargo, para simplificar e ordenar o programa de usos asignarase unha dependencias concretas a cada sección. Por exemplo, o despacho de psicoloxía está asignado ao centro de día, pero dará servizo aos usuarios de todo o establecemento.

En canto ao **centro de día** (30 usuarios) conterá unha zona de estar e sala polivalente para o ocio e lecer. Deberá haber, ademais, despachos para a atención personalizada de traballo social, psicoloxía e terapia ocupacional. Existirá unha zona de rehabilitación na que se inclúe unha sala de fisioterapia e de curas. Por outro lado, os usuarios deberán dispor dunha aula de formación básica.

O **centro ocupacional** (30 usuarios) disporá de servizos para atención personalizada de intermediación laboral e de axuste persoal. Contará tamén cunha aula teórica e dous talleres ocupacionais onde poderán desenvolver diferentes actividades: marroquinería, encadernación, cestería, manualidades, cerámica, serigrafía... Os usuarios do centro ocupacional deberán recibir aulas de formación específica. Sen embargo, debido á súa carga horaria, poderá ser compatibilizada coa aula de formación específica (centro de día).

No **centro prelaboral** (30 usuarios) deberán existir tres aulas: unha de informática, unha teórica e unha práctica. Nesta última desenvolverase, principalmente, unha actividade relacionada coa planta ornamental e a xardinería. Como apoio a este centro construirase na parcela un invernadoiro e unha área axardinada. A manutención desta última será

efectuada polos usuarios, podendo incluso usala parcialmente como zona de cultivos. A aula práctica prelaboral deberá ter zonas de:

- traballo (preparación e comercialización, nutrición e fitopatoloxía),
- mantemento de maquinaria,
- almacenamento da maquinaria
- circulación e acceso exterior da maquinaria
- vestiarios.

Ademais destas tres seccións, o Centro de Discapacitados Vontade disporá doutas **zonas comúns**. Aparte do punto de venta e da cafetería mencionados anteriormente existirá un servizo de comedor. Deste servizo beneficiaranse 60 usuarios (centro de día e ocupacional). Non se prevé que os funcionarios e profesionais do centro queden a comer, xa que se organizarán en dous turnos: uns a xornada completa (polas mañás) e outros a tempo parcial (pola tarde). Polo tanto, tamén haberá que ter en conta unha cociña e un economato que debe incluír:

- zona de chegada de mercancía,
- zona de comprobación da mercancía,
- despensa xeral (con catro cámaras frigoríficas para carne, peixe, legumes e froita),
- despensa do día, e
- vestiarios para persoal.

A asociación Vontade dispón de dúas furgonetas coas que ofrecen un servizo de transporte adaptado. Polo tanto deberase crear un garaxe onde poder estacionalas.

Ademáis de todos estes usos, o centro contará con zonas de comunicación, 9 baños (1 por cada 10 usuarios), 6 duchas (1 por cada 15 usuarios), áreas técnicas (instalacións) e espazos para arrumos.

Finalmente, na medida do posible e co fin de promover a integración, os usuarios participarán en labores propias para a manutención e desenvolvemento do centro: na administración, na cafetería, na cociña, no xardín, etc.

1.1_5.3. RESUMO DO PROGRAMA BASE

SECCIÓN	USO	ÁREA ESTIMADA
Entrada	▪ Vestíbulo	60 m²
	▪ Recepción	10 m²
Áreas administrativas	▪ Administración	20 m²
	▪ Dirección	15 m²
	▪ Almacén/arquivo	10 m²
	▪ Sala de reunións	30 m²
Centro de día	▪ Zona de estar/Sala polivalente	100 m²
	▪ Rehabilitación	40 m²
	▪ Despacho: traballo social	15 m²
	▪ Despacho: psicoloxía	15 m²
	▪ Despacho: terapia ocupacional	15 m²
	▪ Aula para formación básica	40 m²
Centro ocupacional	▪ Despacho: intermediación laboral	15 m²
	▪ Despacho: axuste persoal	15 m²
	▪ Aula teórica	40 m²
	▪ 2 talleres ocupacionais	100 m²
Centro Prelaboral	▪ Aula de informática	40 m²
	▪ Aula teórica prelaboral	50 m²
	▪ Aula práctica prelaboral	200 m²
	▪ Vestiarios	40 m²
Zonas comúns	▪ Zona de cociña	50 m²
	▪ Economato	80 m²
	▪ Comedor	100 m²
	▪ Cafetería	40 m²
	▪ Instalacións sanitarias	60 m²
	▪ Vestiarios	20 m²
	▪ Punto de ventas	20 m²
Outros espazos	▪ Zonas de comunicación	400 m²
	▪ Sala de instalacións	50 m²
	▪ Garaxe	100 m²
Invernadoiro	▪ Invernadoiro	200 m²

TOTAL: 1970 m²

1.1_6 CONCLUSIÓNS FINAIS

O Centro de discapacitados a elaborar é un equipamento necesario, non so para o Concello, senón tamén para toda a comarca. Por este motivo será ocupado pola Asociación de discapacitados do Baixo Miño (Vontade).

Nesta INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO DO PROXECTO analizáronse tres temas de estudo (a discapacidade, o local e o estado da arte) para posteriormente definir un programa base e elaborar estas conclusións finais, as cales deben verse reflexadas no proxecto de Centro de discapacitados.

En primeiro lugar, a discapacidade non debe ser considerada un problema individual que requira un tratamento médico. Pola contra, é fundamental a concienciación e a implicación da sociedade, xa que o obxectivo é a plena **integración** destas persoas no ámbito laboral e social. Eles deben ser os primeiros en asumir os seus problemas, saber convivir con eles e loitar pola súa integración na sociedade. Todos os individuos deben ser iguais en dereitos, deberes e **dignidade**; a pesar de ser moi diferentes en moitos aspectos. O mérito reside en saber convivir con esas **diferenzas**.

En segundo lugar, A Rocha sitúase sobre un pequeno montículo preto do principal núcleo urbano de Tomiño. Trátase dunha zona frecuentada por veciños de todas partes do concello debido a que existen equipamentos no que se ofrecen servizos a todo o municipio (centro de día, centro de saúde, policía local, casa da cultura...). Deste xeito, dáse un importante fluxo de persoas de diferentes partes do municipio e este feito debe ser potenciado no proxecto. A unha escala máis xeral, Tomiño ocupa unha posición central dentro da comarca e presenta boas comunicacións cos concellos limítrofes, polo que se optimizan os desprazamentos dos usuarios.

En terceiro lugar, tal como foi analizado anteriormente, os centros deben adaptarse a as necesidades e ao contexto no que se atopan. Por este motivo, e tendo en conta que un dos obxectivos é a integración laboral das persoas con discapacidade, é fundamental ter en consideración aos principais **sectores económicos do entorno**, xa que son unha posible saída laboral. Neste caso destaca o cultivo de planta ornamental. Polo que no Centro debe existir unha formación específica neste ámbito.

Na elaboración do Programa Base, ademais das necesidades básicas dun centro convencional para persoas discapacitadas (aulas, talleres, zona de estar, comedor, rehabilitación...) o centro proposto neste proxecto contará con algunhas que o fan diferente. Para a formación no sector dos cultivos, foi proposto no programa base un **invernadoiro** e unha **aula práctica prelaboral**. Por outro lado, coa intención de fomentar a relación usuario-sociedade e tendo en conta a afluencia de persoas no entorno propóñense unha **cafetería** e un **punto de ventas** no que se poida ofertar produtos elaborados polos usuarios, tanto plantas como obxectos creados

nos talleres (cestas, carteiras, serigrafías en camisetas...). Ademais, a parcela deberá contar con **zonas axardinadas e de lecer** onde calquera cidadán poida acudir.

Os invernadoiros son as construcións máis representativas da principal actividade económica do concello. Ademais, vaise construír un neste proxecto. Polo tanto, será fundamental **relacionar as novas instalacións coa composición destes elementos lonxitudinais de materiais plásticos**. Así como crear un obxecto arquitectónico integrado no entorno natural e construído.

Noutra orde de cousas, con fin de respectar o medio ambiente, o Centro deberá contar cun conxunto de **solucións ecolóxicas** adaptadas as súas características e necesidades como poden ser: unha estrutura deseñada co concepto de masa térmica, o aproveitamento de augas pluviais para o sistema de rego (xardín e invernadoiro), o uso de paneis solares, o aproveitamento dos materiais da fachada para a creación de electricidade ou a optimización da iluminación e ventilación natural a través de patios interiores axardinados.

O Centro de discapacitados Vontade será unha gran aportación para o concello e a comarca, porque mellora un servizo social. Pero, principalmente, os grandes beneficiados serán os seus usuarios, xa que contarán unhas instalacións dignas nas que orientarse cara a súa integración escolar, social e laboral.

Para concluír, esta análise supón unha **base teórica e fundamentada** para a realización do proxecto do Centro de discapacitados Vontade. Tras un amplo estudo do tema da discapacidade, do local e do estado da arte definiuse un programa base. Por outra parte, o proxecto desenvolverase mediante a súa integración no entorno natural e construído e a relación cos invernadoiros, como unha composición de elementos lonxitudinais cunha pel plástica.

1.1_6 BIBLIOGRAFÍA

Documentos oficiais:

- CONSELHO DE EUROPA (1994). "Acessibilidade: principios e linhas directrizes". Lisboa: edita Secretariado Nacional de Reabilitaçao

- CONVENCIÓN SOBRE OS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE. Dispoñible en: www.cogami.es/upload/file/PDF/Texto%20Convencion%20ONU%20Galego.pdf (acceso en 29-03-2010).

- DIRECCIÓN GENERAL DE LA VIVIENDA, LA ARQUITECTURA Y EL URBANISMO, (2002). *"Guía técnica de accesibilidad en la edificación 2001".* Dispoñible en: www.rovira-beleta.com/biblioteca.htm (acceso en 29-03-2010).

- MINISERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES, (2003). *"I Plan Nacional de Accesibilidad 2004-2012"*. Dispoñible en: www.rovira-beleta.com/biblioteca.htm (acceso en 29-03-2010).

- MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES (2005). *"Manual para un entorno accesible".* Dispoñible en: www.rovira-beleta.com/biblioteca.htm (acceso en 29-03-2010).

- XUNTA DE GALICIA. "*Lei Galega de Servizos Sociais*". Dispoñible en traballo.xunta.es/serviciossociais/documentacion/lei_13_2008_servizos_sociais_galicia.pdf (acceso 29-03-2010)

Publicacións:

- AAVV, Raquel, (2005); *"¡Pregúntame sobre accesibilidad y obras técnicas!"*. Madrid: Obra Social Caja Madrid e Imserso.

- ALBA Alfonso e MORENO, Fernando (2004); "*Discapacidad y Mercado de Trabajo*"; Madrid: Obra Social Caja Madrid.

- BARTON, Len, (1998); "*Discapacidad y sociedad"*. Madrid: Ediciones Morata

- EN LA COMUNIDAD DEL ENCUENTRO, (2005); "*Los hijos discapacitados y la familia*"; Sevilla: editorial Trillas.

- LALOMA, Miguel, (2005); *"Ayudas técnicas y discapacidad"*. Madrid: Colección CERMI, nº 15.

- ROVIRA-BELETA Cuyá, Enrique, (2006); *"Libro blanco de la accesibilidad".* Barcelona: edicións UPC.

Webgrafía:

- www.concellotomino.com
- www.ige.es
- www.ine.es
- www.sigpac.es

1.1_7 ÍNDICE DE ELEMENTOS

Índice de gráficos:

Gráfico1.
Distrbución provincial de persoas con discapacidade
Elaboración propia. Fonte www.ige.es. 32
Gráfico 2.
Distribución por grupos de idade
Elaboración propia. Fonte www.ige.es.. 33
Gráfico 3.
Distribución por tipo de discapacidade e provincia
Elaboración propia. Fonte www.ige.es. 34
Gráfico 4.
Distribución por tipo de discapaciade física
Elaboración propia. Fonte www.ige.es. 35
Gráfico 5.
Distribución por tipo de discapacidade sensorial.
Elaboración propia. Fonte www.ige.es. 36
Gráfico 6.
Distribución por tipo de discapacidade psíquica.
Elaboración propia. Fonte www.ige.es. 37
Gráfico 7.
Evolución do número de discapacidades segundo o seu grado
Elaboración. Fonte www.ige.es.. 38

Índice de figuras:

Fig. 1. Plano de situación
Elaboración propia. Fonte: cartografía municipal.. 43
Fig. 2. Planta de zonas.
Elaboración propia. Fonte: cartografía municipal. 44
Fig. 3. Planta de eixos principais.
Elaboración propia. Fonte: cartografía municipal. 45
Fig. 4. Planta de cheos e vacios
Elaboración propia. Fonte: cartografía municipal. 46
Fig. 5. Planta de vías e cuarteiróns
Elaboración propia. Fonte: cartografía municipal. 47
Fig. 6. Planta de espazos públicos
Elaboración propia. Fonte: cartografía municipal. 48
Fig. 7. Planta de zonas arboradas
Elaboración propia. Fonte: cartografía municipal. 52
Fig. 8. Planta de entorno natural e construído.
Elaboración propia. Fonte: cartografía municipal. 53
Fig. 9. Planta de accesos.
Elaboración propia. Fonte: cartografía municipal. 54
Fig. 10. Planta da parcela.
Elaboración propia. Fonte: cartografía municipal. 56

Índice de imaxes:

I. 1. Praza do Seixo (A1). *Imaxe de autor*.....48
I. 2. Praza da Mina (A2). *Imaxe de autor*.....49
I. 3. Praza da Mina 2008 (A2). *Imaxe de autor*.....49
I. 4. Campo da feira (B1). *Imaxe de autor* 49
I. 5. Alameda (B2). *Imaxe de autor*.....49
I. 6. Concello (C1). *Imaxe de autor* 50
I. 7. Praza de abastos (C2). *Imaxe de autor* 50
I. 8. Xulgados (C3). *Imaxe de autor*.....50
I. 9. Colexio infantil (C4). *Imaxe de autor* 50
I. 10. Omix (C5). *Imaxe de autor*.....50
I. 11. Centro social (C6). *Imaxe de autor*.....50
I. 12. Policia local (C7). *Imaxe de autor*.....51
I. 14. Garda civil (C9). *Imaxe de autor*.....51
I. 16. Centro de saúde (C11). *Imaxe de autor*.....51
I. 13. Casa da cultura (C8). *Imaxe de autor* 51
I. 15. Centro de día (C10). *Imaxe de autor* 51
I. 17. Entrada centro de saude (C11). *Imaxe de autor*.....51
I. 18. Acceso principal. *Imaxe de autor*.....55
I. 19. I.Vontade (Tui). *Imaxe de www.sigpac.es* 63
I. 20. II. Ambar (Ribeira) . *Imaxe de www.sigpac.es* 63
I. 21. III. Joan Crespi (Mallorca) . *Imaxe de www.sigpac.es*.....63
I. 22. I.Vontade (Tui). *Imaxe de arq Javier de Mateo*.....63
I. 23. II. Ambar (Ribeira). *Imaxe de arq Javier de Mateo*.....63
I. 24. III. Joan Crespi (Mallorca). *Imaxe de arq Javier de Mateo* 63

.

ANEXO 1

Rexistro fotográfico

Acceo principal a parcela

Acceso a Centro de Día

Centro de Día

Paseo fronte a parcela

Zona central da parcela vista dende a vía

Parte Este da parcela vista dende a vía

Parte Este da parcela

Vista Centro de Día dende a parcela

ANEXO 2

Fichas de análise

FICHA I: Centro de Formación Vontade

FICHA II: Centro de Discapacitados Ambar

FICHA III: Centro discapacitados Joan Crespi

FICHA I

CENTRO DE FORMACIÓN VONTADE

FICHA I

Datos xerais do centro	
Nome	Centro de formación Vontade
Asociación	Vontade
Área de influencia	comarca do Baixo Miño
Tipo de discapacidade	física e sensorial
Número de usuarios:	52 usuarios fixos diarios 50 esporádicos ou con atención personalizada no fogar.
Situación:	Guillarei (Tui)

a. Entorno

Localización. Sigpac. 2010.

Implantación. Sigpac. 2010

O Centro de formación Vontade está inserido nun entorno industrial e a menos de 100 metros do cemiterio municipal de Tui. Presenta unha boa comunicación por estrada, xa que se encontra a 1 km do acceso a autovía Tui-Vigo.

b. Contextualización

A asociación de discapacitados Vontade nace no ano 2003 coa colaboración de COGAMI (Confederación Galega de Minusválidos). A súa intención foi a de ofrecer uns servizos aos discapacitados **físicos ou sensoriais** da comarca do Baixo Miño. Deste xeito compleméntase coas outras dúas asociacións xa existentes: San Xerome, relacionada coa discapacidade intelectual e Avelaíña no eido da discapacidade mental.

A asociación Vontade, ten servizo de transporte adaptado e, ademais ofrece atención personalizada no fogar a aqueles discapacitados que non poden acudir ao centro.

Este centro, non foi construído de raíz para este uso. Foi unha adaptación doutro xa existente. O centro de formación, como tal, ocupa parte da 2º planta.

c. Caracterización do edificio

Arquitecto	---
Ano de construción	---
Accesibilidade	Regular.
Tipo de planta	Rectangular
Nº de alturas	Dúas
Volumetría	Paralelepípedo formado por tres módulos lonxitudinais
Estrutura	Principalmente formigón armado. A cobertura está soportada por elementos metálicos
Revestimento das paredes	Bloques de cor branca
Carpinterías exteriores	Aluminio pintado de branco
Carpinterías interiores	Madeira pintada de branco
Calidade arquitectónica	Pésima
Calidade de construción	Mala
Estado da construción	Regular

d. Programa de usos

- Dirección
- Administración/despachos para profesionais
- Aula de informática personalizada
- Aula de marroquinería e manualidades
- Aula de lectoescritua
- Aula de terapia ocupacional
- Taller de cerámica e encadernación
- Taller de serigrafía para camisetas e pegatinas
- Biblioteca/sala de psicoloxía
- Aula para a formación de emprego e aula de informática
- Aula de apoio a E.S.O.
- Sala para grupo de autoapoio
- Cociña

e. Organigrama



f. Análisis funcional

As dependencias do Centro de formación atópanse na 2º planta. A ela accédese a través dun patio central. A través do distribuidor principal que delimita ese patio accédese ás seguintes dependencias:

- unha biblioteca, onde ademais ofrécese puntualmente atención psicolóxica;
- sala para grupo de autoapoio, no que se imparten aulas para familiares de grandes dependentes;
- aula de formación de emprego na que se realizan os cursos que máis saída teñen e con apoio de aulas de informática específica. Trabállase en colaboración cos servizos de integración laboral de COGAMI;
- aula de apoio a E.S.O.; e
- un segundo distribuidor no que ademais impártense aulas de informática "a carta" para un máximo de 8 usuarios.

Dende este distribuidor accédese a outras dependencias:

- aula de marroquinería e manualidades;
- aula de terapia ocupacional na que hai material para realizar exercicios: colchonetas, pelotas…;
- aula de lectoescritura para discapacitados que non puideron escolarizarse ou con dificultades para ler e escribir;
- zona administrativa onde comparten espazo diferentes profesionais: administrativo, traballadora social, terapeuta ocupacional e psicóloga. Encóntrase neste espazo a dirección do Centro ocupada polo presidente de Vontade; e
- finalmente, na parte traseira do edificio, existe un espazo destinado aos diferentes talleres (cerámica, encadernación, serigrafía…). Nesta zona atópase, ademais, a cociña. Nela os usuarios desenvolven hábitos domésticos e, ao mesmo tempo, permítelle quedar no centro ao mediodía.

g. Conclusións

Este Centro simboliza unha situación habitual a que moitas asociacións de discapacitados se enfrontan. Deben adaptarse a locais que non foron creados para eses fins para poder desenvolver as súas actividades. Fano a través do esforzo e entusiasmo dos traballadores e familiares e co apoio de diferentes institucións, como por exemplo COGAMI.

As instalacións deste Centro de formación non son dignas. Existen casos nos que os usuarios de cadeiras de rodas teñen graves problemas para desprazarse. Ademais, existen compartimentos que teñen incoherentemente máis dunha función: realízanse consultas psicolóxicas na biblioteca e empregase un distribuidor como aula de informática.

Por estes motivos Vontade, en colaboración con COGAMI e o apoio das administracións públicas, ten intención de crear un novo Centro de Discapacitados en Tomiño. O cal é obxecto deste Proxecto de Mestrado.

h. Rexistro fotográfico

O edificio

Acceso principal

Acceso as dependencias do Centro

Patio

Distribuidor principal

Ascensor

Administración e oficinas

Aula de lectoescritura

Taller

Taller

Taller

Transporte

FICHA II

CENTRO DE RECURSOS DO BARBANZA

a. Datos xerais do centro

Nome	Centro de recursos do Barbanza
Asociación	AMBAR (Asociación de Minusválidos do Barbanza)
Área de influencia	Comarca do Barbanza
Tipos de discapacidades	Todas
Número de usuarios:	80
Situación:	San Roque – Frións (Ribeira – A Coruña)

b. Entorno

Localización. Sigpac. 2010.

Implantación. Sigpac. 2010

O Centro de Recursos do Barbanza está inserido nun entorno natural, ao lado de dous colexios e preto do núcleo urbano de Santa Uxía de Ribeira.

c. Contextualización

A Asociación de Minusválidos do Barbanza (AMBAR) é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito comarcal. Foi fundada no ano 1982 coa finalidade principal da integración e mellora da calidade de vida das persoas con diversidade funcional.

Este centro foi construído de raíz para este uso e ofrece todo tipo de servizos (formación, terapia ocupacional, talleres…) e unha atención personalizada a persoas con calquera tipo de discapacidade. Ademais, conta con servizo de transporte adaptado.

A xuño de 2010 só se encontra construída e en funcionamento a primeira fase do centro. A segunda fase está en construción.

d. Caracterización do edificio

Arquitecta	Ana Isabel Escurís Villanustre
Ano de construción	2009. (Estase a construír a segunda fase)
Accesibilidade	Óptima. O edificio desenvólvese a nunha mesma cota.
Tipo de planta	3 módulos rectangulares. Un deles é perpendicular aos outros dous.
Nº de alturas	Unha
Volumetría	Paralelepípedo formado por tres módulos lonxitudinais creando patios/xardíns entre eles
Estrutura	Formigón pretensado
Revestimento das paredes	Acabamento pulido do formigón
Carpinterías exteriores	PVC branco
Carpinterías interiores	Madeira
Calidade arquitectónica	Boa
Calidade de construción	Boa
Estado da construción	Boa
Outros	Gran luminosidade no interior

e. Programa de usos

Os uso expostos a continuación son os que terá o centro cando estea totalmente construído e en funcionamento:

- Servizo galego de colocación
- Ximnasio
- Biblioteca
- Comedor
- Cociña
- Despensa
- Sala de estar
- Oficina de prácticas
- Recepción (oficinas)
- Oficinas
- Conserxería
- Dirección
- Oficinas
- Vestiarios (masculinos e femininos)
- 2 talleres
- Aula práctica
- Aula técnica
- Formación básica adultos
- Aula de respiro familiar

f. Organigrama



g. Análise funcional



Planta. Arq. Ana Isabel Escuris.

O Centro de Recursos AMBAR conta cun invernadoiro, unha zona de xardín (realizado polos usuarios) e un amplo aparcamento.

O edificio está formado por tres módulos lonxitudinais, sendo un deles perpendicular aos outros dous. Esta configuración permite a creación de espazos axardinados entre eses módulos e, deste xeito, a entrada dunha gran luminosidade natural no interior do edificio.

Na parte exterior da entrada existe un unha zona cuberta que protexe aos usuarios en caso de choiva. A través do vestíbulo e de tres corredores que parten do mesmo dáse acceso a todas as dependencias do centro.

Dende o vestíbulo pódese acceder directamente a oficina do servizo galego de colocación, a sala de estar e o ximnasio.

O "Corredor 1" (o da esquerda, segundo a imaxe superior) da acceso ás seguintes dependencias:

- Unha biblioteca
- Un comedor
- Unha cociña. Está comunicada co comedor e cunha zona de despensa, a partir da cal se pode saír ao exterior por un acceso secundario
- Baños masculino e feminino

A través do "Corredor 2" (o da dereita) accedese a oficina de prácticas, a zona de vestiarios, que dan servizo ao ximnasio, e a unha zona administrativa

precedida por unha pequena recepción. A través dela chégase ás oficinas e, estas, a súa vez comunícanse coa dirección e conserxería.

O "Corredor 3" (perpendicular aos outros dous) da acceso ás aulas e talleres. O taller de maiores dimensións está precedido por dous pequenos distribuidores, cada un deles ten unha entrada para o vestiario masculino ou feminino. Ademais, este taller ten un almacén cun portal de entrada polo exterior.

h. Conclusións

Na análise deste centro tívose en conta o seu proxecto completo en non só a fase construída nestes momentos. Deste xeito ofrécese unha visión global e máis adecuada de cómo debe funcionar un centro de discapacitados.

Este centro desenvólvese nunha soa planta e conta con amplos vaos que permiten unha óptima iluminación natural. Por estes motivos destaca pola súa luminosidade, accesibilidade e funcionalidade.

Por outra parte, conta con amplas superficies de ximnasio, de aulas, invernadoiro, xardín e especialmente de talleres. Aumentado deste xeito o confort e mellorando a calidade dos servizos ofertados.

Trala análise funcional do Centro, a perspectiva xeral é bastante boa. Sen embargo, existen situacións que considero que non están ben resoltas. Observando o proxecto, unha persoa que entre no vestíbulo non ten punto de información ou unha recepción ao que acudir de forma directa. Debe facelo a través dun corredor. Pola contra, o ximnasio si ten a súa entrada dende o vestíbulo, de tal xeito que os usuarios teñen que pasar por el despois de facer exercicio para ir ducharse aos vestiarios.

i. Rexistro fotográfico

O edificio

Acceso secundario

Invernadoiro

Interior do invernadoiro

Parte traseira. Próxima ampliación

Xardín

FICHA II

Acceso principal

Entrada principal

Vestíbulo

Vestíbulo

Corredor

Instalacións/arrumos

Taller

Taller

Oficina de prácticas

Taquillas

Cociña

Comedor

j. Rexistro gráfico



Planta. Escala 1/500
Arq. Ana Isabel Escuris. 2009



Alzados e seccións. Escala 1/500
Arq. Ana Isabel Escuris. 2009

FICHA III

CENTRO DE DISCAPACITADOS JOAN CRESPI

FICHA III

a. Datos xerais do centro

Nome	Centro de discapacitados Joan Crespi
Asociación	---
Área de influencia	Palma de Mallorca
Tipos de discapacidades	Todas
Número de usuarios:	100
Situación:	Calle Joan Crespi (Palma de Mallorca)

b. Entorno



Localización. Sigpac. 2010.



Implantación.
Maqueta Arq Javier de Mateo. 2010

O edificio atópase ao Oeste de Palma de Mallorca, relativamente próximo ao porto deportivo. Trátase dunha zona heteroxénea onde alternan as edificacións residenciais colectivas de ata 6 plantas de altura con antigas "villas" dos anos 20 con dúas ou tres plantas. Ten na súa fronte a Praza Morlá.

c. Contextualización

O estudo de arquitectura "Mo Arquitectura" gañou o concurso para o Centro de Discapacitados Joan Crespi. Os seus arquitectos son Javier de Mateo e Carlos Asensio Wandosell.

Este centro foi inaugurado no ano 2007, sen embargo estivo máis de dous anos pechado. Púsoxe en funcionamento a finais do 2009.

Este centro ofrece un servizo de promoción da autonomía persoal para a uns 100 usuarios con discapacidade física ao ano. Por outra parte, tamén ten un servizo de rehabilitación do que se benefician 500 persoas ao ano e un centro base que atende a unhas 7.000 ou 8.000 persoas ao ano.

d. Caracterización do edificio

Arquitectos	Javier de Mateo e Carlos Asensio Wandosell
Ano de construción	2007
Accesibilidade	Óptima. O edificio ten ascensores e rampas ata o último piso.
Tipo de planta	Aproximadamente rectangular con entrantes e saíntes na fachada principal
Nº de alturas	Dous sotos máis 5 alturas
Volumetría	Distínguense dous corpos: o primeiro é de tres niveis e desenvólvese transversalmente nunha continuidade escalonada ata ao segundo corpo, de cinco plantas.
Estrutura	Laxes macizas de formigón armado sustentandas por esbeltos pilares metálicos. Deste xeito libéranse as fachadas e favorécese a súa transparencia.
Revestimento das paredes	As paredes teñen tres peles. A exterior é de tablóns de madeira de cedro roxo canadense; a segunda é de policarbonato e a interior é deste mesmo material e de vidro.
Carpinterías exteriores	Trespa
Carpinterías interiores	Panel fenólico soportado por perfís de aceiro galvanizado.
Calidade arquitectónica	Boa
Calidade de construción	Boa
Estado da construción	Boa
Outros	Gran luminosidade no interior, espazos axardinados interiores (tanto a cota de entrada como en plantas superiores) e sistema de ventilacións cruzadas por convención natural.

e. Programa de usos

- Aparcamentos
- Información/recepción
- Baños e vestiarios para usuarios e persoal
- Arquivo
- Sala de espera
- Despachos para consultas, psicólolgos, médicos, traballo social e monitores (sección adultos)
- Salas para logopeda, psicomotrocidade, fisioterapia, traballador social, psicólogos, médico (sección infantil)
- 4 aulas de atención primaria infantil
- Biblioteca
- Secretaría
- Administración

- Dirección
- Sala de reunións
- Cociña
- Comedor
- 10 habitacións con baño terraza e xardín para grandes discapacitados
- Sala con cociña, comedor e zona de TV
- Sala de visitas
- Sala de curas
- Ximnasio con piscina terapéutica
- Vestiarios
- Sala de rehabilitación e terapia ocupacional

f. Organigrama

PISO TÉRREO:

PISO 1:



PISO 2:



PISO 3:



PISO 4:



PISO 5:

g. Análise funcional



Planta. Arq Javier de Mateo

O Centro conta con dúas plantas de soto con capacidade para 40 aparcamentos e con espazos de almacén.

A planta baixa e os dous primeiros pisos constitúen o corpo baixo do edificio e nel atópanse os espazos de uso máis público e de maior circulación de persoas; estes, de maiores dimensións, gozan dunha conexión directa coa praza. Os dous últimos pisos son máis estreitos en planta e teñen un uso máis privado.

Todo o edificio aparece ordenado da mesma maneira: cara as fachadas encóntranse as salas de traballo, na zona central os espazos de distribución e ao interior (contra o patio do cuarteirón) os núcleos de comunicación vertical, os aseos, as zonas técnicas e as rampas cunha pendente do 8% e que chegan ata o último piso de modo que permiten horizontalizar o edificio así como asegurar unha rápida evacuación de persoas en camillas ou en cadeira de rodas.

Esta posición permite a entrada directa de luz natural nas salas de traballo e incluso nos espazos de distribución xa que en ditas salas as paredes non chegan ata o teito.

A planta baixa ten un pavimento inclinado, para resolver as entradas no edificio, que polas características topográficas da parcela encóntranse a cotas altimétricas diferentes. Nesta planta atópanse tódolos despachos (psicólogos, médicos, traballadores sociais…) para a atención de adultos.

A zona de infantil atópase ao Sur do centro, estando as salas (logopeda, fisioterapia, médico, psicólogo) no piso 1 e as aulas de atención primaria no piso 2. Na zona norte, aparece a parte administrativa no piso 1 e a biblioteca e a cociña-comedor no piso 2.

En altura, o edificio vaise privatizando en cuanto a uso, de maneira que na planta 3º aparecen 10 habitacións con baño para grandes dependentes. Estas teñen, ademais, terraza e xardín. Deste xeito creouse un espazo exterior privado e con vistas para a praza e a envolvente. Hai tamén unha sala de curas, así como unha pequena cociña-comedor, sala de TV e sala de visitas.

O cuarto piso está principalmente dedicado a un ximnasio con zonas de pe dereito dobre e cunha piscina terapéutcica. Aparecen tamén dúas salas, unha para profesionais e outra de descanso. Directamente conectados co ximnasio están os vestuarios.

Finalmente, na quinta planta hai dúas salas de rehabilitación e terapia ocupacional conectadas entre elas por un corredor dende o que se pode ollar gran parte do ximnasio. Hai tamén dous cuartos de instalacións.

h. Conclusións

A diferenza dos outros centros analizados, este encóntrase no entorno urbano dunha gran cidade como Palma de Mallorca. Deste xeito as características e servizos do centro serán diferentes. Deste modo aténdense cerca de 8.000 usuarios ao ano en máis de 40 salas nas que se ofrecen servizos de psicoloxía, medicina, traballo social, fisioterapia, logopedia… instalados nas plantas inferiores. Por outra parte, tamén ten un servizo de rehabilitación do que se benefician 500 persoas ao ano e un servizo de promoción da autonomía persoal para a uns 100 usuarios con discapacidade física ao ano; estando estes nas plantas superiores.

A pesar de ser un edificio de cinco plantas presenta unha accesibilidade moi boa. Ademáis de dous núcleos de accensores dispón de rampas do 8% ata o último piso; e en cada un deles ten amplos distribuidores que comunican as diferentes salas e melloran notablemente a funcionalidade do centro.

A nivel arquitectónico, o edificio intégrase perfectamente no seu entorno grazas a súa volumetría. Distínguense dous corpos; un deles ten cinco plantas de modo que oculta os edificios da parte traseira e fecha o cuarteiron formando un gran patio interior; o outro é máis baixo e relacionase en escala coa praza que ten enfronte e coas pequenas construcións que hai do outro lado da rúa.

A súa estrutura está formada por laxes de formigón armado e pilares metálicos. Deste xeito conseguíuse liberar a fachada. A pel interior desta é de policarbonato e permite unha gran luminosidade no interior. Por outra parte, a súa pel exterior está formada por tablóns de madeira. A súa colocación e inclinación foi estudada para controlar o asoleo do edificio, de tal maneira que se consegue sombra nos meses cálidos, permitindo a entrada de luz directa ata o interior o resto do ano.

O sistema constructivo da fachada, xunto coa existencia de xardíns e patios a diferentes alturas posibilitan a iluminación e ventilación natural do interior do edificio. Conséguese así un gran aforro na climatización e alumeado do edificio, contribuíndo co medio ambiente.

i. Rexistro fotográfico[1]

O edificio

O edificio

Fachada principal

Exterior e xardíns no 3º piso

Lateral do Centro

Entrada principal

[1] Imaxes de Arq Javier de Mateo

Entrada

Corredor / distribuidor

Xardín

Ximnasio

Rampas

Sistema construtivo da fachada

FICHA III

Maqueta

Maqueta

Maqueta

Maqueta



Maqueta



Maqueta

j. Rexistro gráfico



Planta térrea. Escala 1/500
Arq. Javier de Mateo. 2007

Pisos 1 e 2. Escala 1/500
Arq. Javier de Mateo. 2007



Pisos 3 e 4. Escala 1/500
Arq. Javier de Mateo. 2007



Pisos 5 e de cobertura. Escala 1/500
Arq. Javier de Mateo. 2007



ALZADO SUR - Sin Protección Madera



ALZADO SUR - Con Protección Madera



ALZADO OESTE - Sin Protección Madera



ALZADO OESTE - Con Protección Madera

Alzados e secciónes. Escala 1/500
Arq Javier de Mateo. 2007

escola superior gallaecia

MESTRADO INTEGRADO EM ARQUITECTURA E URBANISMO
DISSERTAÇÃO DE MESTRADO INTEGRADO
TRABALHO DE PROJECTO

VONTADE _Centro de discapacitados

A Rocha_TOMIÑO

1. PEZAS ESCRITAS

1.2 MEMORIA DESCRITIVA E XUSTIFICATIVA

1.3 CONDICIÓNS TÉCNICAS XERAIS

1.4 CONDICIÓNS TÉCNICAS ESPECIAIS

1.5 MEDICIÓNS E ORZAMENTOS

1.6 FICHAS DE ACABAMENTOS

02

Autor: Alexandre Pérez Souto
Orientador: Doutor Arquitecto Rui Brochado
Co-orientador: Mestre Arquitecto Rui Correia

xaneiro 2011

escola superior gallaecia

MESTRADO INTEGRADO EM ARQUITECTURA E URBANISMO
DISSERTAÇÃO DE MESTRADO INTEGRADO
TRABALHO DE PROJECTO

VONTADE _Centro de discapacitados

A Rocha_TOMIÑO

Autor: Alexandre Pérez Souto

Orientador: Doutor Arquitecto Rui Brochado

Co-orientador: Mestre Arquitecto Rui Correia

xaneiro 2011

ÍNDICE DO TOMO

1.2 MEMORIA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA

1.2_ 1 CONSIDERACIÓNS XERAIS – CONSTITUCIÓN DO PROXECTO 9

1.2_ 1.1 Obxecto do traballo 9

1.2_ 1.2 Obxectivos 10

1.2_ 1.3 Descrición da intervención 11

1.2_ 2 CONDICIONANTES E MOTIVACIÓNS XEOGRÁFICAS 12

1.2_ 3 CONDICIONANTES E MOTIVACIÓNS URBANÍSTICAS 15

1.2_ 3.1 Encadramento urbanístico 15

1.2_ 3.2 Cumprimento de normativa municipal 15

1.2_ 3.3 Cumprimento de normativa de Galicia 17

1.2_ 4 PROGRAMA FUNCIONAL E ORGANIGRAMA PROPOSTO 19

1.2_ 5 OPCIÓNS CONCEPTUAIS E MORFOLÓXICAS..... 25

1.2_ 5.1 Encadramento volumétrico 25

1.2_ 5.2 Solución estética 27

1.2_ 6 OPCIÓNS TECNOLÓXICAS E CONSTRUCTIVAS..... 28

1.2_ 7 OPCIÓNS DE CONFORTO AMBIENTAL 30

1.2_ 8 OPCIÓNS DE MOBILIDADE..... 32

1.2_ 9 OPCIÓNS DE ARRANXOS EXTERIORES 34

1.2_ 10 ÍNDICE DE ELEMENTOS..... 35

1.3 CONDICIÓNS TÉCNICAS XERAIS

CAPÍTULO 01: DISPOSICIÓNS INICIAIS 39

CAPÍTULO 02: OBRIGACIÓNS DO COSTRUCTOR 43

CAPÍTULO 03: OBRIGACIÓNS PROMOTOR OU DONO DA OBRA 45

CAPÍTULO 04: RECEPCION E LIQUIDACION DA OBRA 46

1.4 CONDICIÓNS TÉCNICAS ESPECIAIS

CAPÍTULO 01 ACTUACIÓNS PREVIAS 51

CAPÍTULO 02 MOVEMENTO DE TERRAS 52

CAPÍTULO 03 ESTRUTURA 57

CAPÍTULO 04 ALBAÑILERÍA/CANTERÍA 60

CAPÍTULO 05 COBERTURA 65

CAPÍTULO 06 ILLAMENTOS/ IMPERMEABILIZACIÓNS 68

CAPÍTULO 07 REVESTIMENTOS 70

CAPÍTULO 08 CARPINTERÍA/VIDRERÍA 76

CAPÍTULO 09 EQUIPAMENTO / MOBILIARIO 88

CAPÍTULO 10_ARRANXOS EXTERIORES 92

CAPÍTULO 11_SEGURIDADE E SAÚDE 94

CAPÍTULO 12_CONSIDERACIÓNS FINAIS 96

1.5 MEDICIÓNS E ORZAMENTOS

CAPÍTULO 01 ACTUACIÓNS PREVIAS **99**

CAPÍTULO 02 MOVEMENTO DE TERRAS **100**

CAPÍTULO 03 ESTRUTURA **101**

CAPÍTULO 04 ALBAÑILERÍA/CANTERÍA **104**

CAPÍTULO 05 COBERTURA **106**

CAPÍTULO 06 ILLAMENTOS/ IMPERMEABILIZACIÓNS **107**

CAPÍTULO 07 REVESTIMENTOS **108**

CAPÍTULO 08 CARPINTERÍA/VIDRERÍA **115**

CAPÍTULO 09 EQUIPAMENTO / MOBILIARIO **117**

CAPÍTULO 10_ARRANXOS EXTERIORES **119**

CAPÍTULO 11_SEGURIDADE E SAÚDE **122**

Resumen 125

1.6 FICHAS DE ACABAMENTOS

Fichas de acabamentos 129

ANEXOS

Imaxes 151

escola superior gallaecia

MESTRADO INTEGRADO EM ARQUITECTURA E URBANISMO
DISSERTAÇÃO DE MESTRADO INTEGRADO
TRABALHO DE PROJECTO

VONTADE _Centro de discapacitados

A Rocha_TOMIÑO

1.2 MEMORIA DESCRITIVA E XUSTIFICATIVA

1.3 CONDICIÓNS TÉCNICAS XERAIS

1.4 CONDICIÓNS TÉCNICAS ESPECIAIS

1.5 MEDICIÓNS E ORZAMENTOS

1.6 FICHAS DE ACABAMENTOS

Autor: Alexandre Pérez Souto

Orientador: Doutor Arquitecto Rui Brochado

Co-orientador: Mestre Arquitecto Rui Correia

xaneiro 2011

1.2_ 1 CONSIDERACIÓNS XERAIS – CONSTITUCIÓN DO PROXECTO

Esta Memoria Descritiva e Xustificativa refírese ao Proxecto Base de Arquitectura adxunto, para a construción dun Centro para persoas discapacitadas da asociación Vontade, na zona de A Rocha (Tomiño).

1.2_ 1.1 Obxecto do traballo

O traballo consiste nun proxecto de arquitectura que ten por obxecto a elaboración dun centro para discapacitados físicos ou sensoriais, emprazado na zona de A Rocha (Tomiño). Trátase, ademais, dun Proxecto de fin de carreira do Mestrado Integrado en Arquitectura e Urbanismo realizado na Escola Superior Gallaecia.

1.2_ 1.2 Obxectivos

Na realización deste Traballo de Proxecto preténdese acadar unha serie de obxectivos co fin de promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con discapacidade:

- proxectar un Centro de Discapacitados fundamentado e innovador, que favoreza a relación usuario-sociedade;
- ter en conta as principais actividades económicas do entorno e desenvolvelas no centro para que a poboación poida acudir a el e relacionarse cos usuarios;
- desenvolvelo concepto de "deseño universal".

1.2_ 1.3 Descrición da intervención

Ante a necesidade de crear unhas instalacións dignas e de calidade para a Asociación de discapacitados Vontade proxéctase un Centro de discapacitados. A través del preténdese axudar aos usuarios a que acaden a súa integración escolar, laboral e social.

Este Centro é un equipamento necesario, non so para o Concello, senón tamén para toda a comarca do Baixo Miño. Enmárcase dentro da liña estratéxica de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade) que pretende crear tres novos Centros de Recursos ata o ano 2013 en Galicia, sendo un deles para esta comarca. Concretamente, preténdese crear unhas novas instalacións para a Asociación de discapacitados do Baixo Miño (Vontade).

Unha das principais carencias que teñen os centros deste tipo é falta de relación entre os seus usuarios e a cidadanía en xeral, na práctica apenas existe convivencia entre usuarios e funcionarios. Polo tanto, estase no camiño oposto ao obxectivo fundamental: a plena integración das persoas con discapacidade. Neste sentido tivéronse en conta as principais actividades económicas da zona, entre as que destaca a da planta ornamental, para poder formar aos usuarios de cara un mercado laboral específico e na propia comarca.

En canto a localización, débese destacar a súa situación central dentro da comarca e as boas comunicacións por estrada, facilitando o transporte dos usuarios. A unha escala urbana a parcela atópase a uns 500 metros de O Seixo, principal núcleo urbano de Tomiño e onde se atopa a Casa do Concello. No seu entorno máis próximo hai varios equipamentos públicos de servizos municipais (casa da cultura, centro de día…), os cales favorecen a concentración de persoas procedentes de todo o Concello. Este feito preténdese potenciar no Centro de Discapacitados Vontade para crear unha relación usuario-sociedade.

En canto as innovacións deste TRABALLO DE PROXECTO destácanse dous aspectos: a **parte social** e a **parte sustentable**.

No primeiro caso, poténciase a relación usuario sociedade tendo en conta as principais actividades económicas do entorno (relacionadas co cultivo de planta ornamental). Éstas son desenvolvidas no centro para formar aos usuarios e para que poidan vender os seus propios produtos á poboación. Ademais deste servizo de ventas, e tendo en conta a localización do Centro nunha zona de equipamentos públicos na que se concentra gran cantidade de persoas, tamén se crea unha cafetería e unha

ampla zona de lecer con xardíns. O obxectivo fundamental é que as persoas acudan ao Centro e se relacionen cos usuarios.

No segundo caso, o Centro conta cun conxunto de solucións sustentables adaptadas as súas características e necesidades como pode ser: unha estrutura deseñada co concepto de masa térmica, o aproveitamento de augas pluviais para o sistema de rego (xardín e invernadoiro), o uso de paneis solares, o aproveitamento dos materiais da fachada para a creación de electricidade ou a optimización da iluminación e ventilación natural a través de patios interiores axardinados.

A intervención está constituída por dúas construcións e un espazo exterior con zonas de circulación e zonas verdes. A construción principal é o Centro de discapacitados propiamente dito e a construción auxiliar é un invernadoiro. Ambos están implantados dentro da parcela respectando os recuamentos laterais de 3 metros e o frontal de 2 m.

O espazo público onde se sitúa a parcela é unha zona peonil recentemente humanizada. O acceso principal a esta zona diríxese ao longo de 50 metros cara a parte Este e máis elevada da parcela. Por este motivo escolleuse esta mesma implantación para o Centro. Deste xeito, a entrada principal atópase fronte ao acceso mencionado anteriormente e a unha cota lixeiramente superior. O propio edificio fai a transición cara a parte baixa da parcela (Oeste) a través dunha planta inferior e integrándose na propia topografía da parcela. Na seu aspecto formal distínguense catro volumes lonxitudinais con lixeiras oblicuidades (en planta) e que son prolongadas para o exterior a través das zonas verdes e de circulación. Emprégase unha arquitectura con gran dinamismo que dialoga co seu entorno construído e natural a través de aliñamentos (a nivel da planta e das alturas) ao mesmo tempo que acada a funcionalidade interna.

Na metade Oeste continúa o dinamismo do deseño dos espazos. A diferenza reside en que o invernadoiro encóntrase no límite do recuamento lateral de 3 metros; estando ocupado a maioría do espazo por zonas verdes e de circulación.

1.2_ 2 CONDICIONANTES E MOTIVACIÓNS XEOGRÁFICAS

Fig. 1. Planta de entorno natural e construído.
Elaboración propia. Fonte: Cartografía municipal

A Rocha sitúase sobre un pequeno montículo rodeado dunha ampla zona arborada. Esta zona é frecuentada por veciños de todas partes do concello debido a que existen edificios no que se ofrecen servizos a todo o municipio:

1. Centro de día.
2. Centro de saúde.
3. Policía local.
4. Casa da cultura.
5. Cuartel da garda civil.

O Centro de Discapacitados implantarase entre o Centro de Día e o Cuartel da Garda Civil. Ademais destes edificios públicos tamén hai unha farmacia e un comercio.

Por outra parte, existen vivendas de protección oficial a ambas marxes da vía principal e vivendas unifamiliares convencionais no entorno máis próximo á parcela onde se realizará o proxecto.

Polo tanto, todos estes servizos provocan un importante fluxo de persoas de diferentes partes do municipio no entorno do Centro de Discapacitados.

Fig. 2. Planta de accesos.
Elaboración propia. Fonte: Cartografía municipal.

O acceso principal parte da estrada que vai para O Seixo e está orientado case perpendicularmente a zona máis elevada da parcela do proxecto. A través deste tamén se accede ao Centro de Día, a uns aparcamentos que se encontran entre este e o Centro de saúde e a varias vivendas unifamiliares. O espazo público consiste nunha zona peonil, na que se permite tránsito de vehículos e que foi urbanizada no ano 2009.

En canto aos accesos secundarios, o primeiro é un camiño de terra que se encontra ao lado do Cuartel da Garda Civil e o segundo ven dende o Centro de Saúde a través dunhas escadas que soben ata a zona de aparcamentos anteriormente mencionada.

I. 1. Acceso principal

1.2_ 3 CONDICIONANTES E MOTIVACIÓNS URBANÍSICAS

1.2_ 3.1 Encadramento urbanístico

Na actualidade o planeamento urbanístico do Municipio de Tomiño réxese polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Tomiño (PXOM 2001), aprobado en pleno municipal o 29/03/2001 e publicado no BOP nº93 do 15 de maio de 2001.

Debido a que este planeamento non está adaptado á Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA), nin ás súas modificacións, e co obxecto dunha mellora da calidade de vida e cohesión social, o Concello de Tomiño leva e continua realizando unha serie de Modificacións Puntuais de planeamento (MP), e en concreto, está en tramitación unha que afecta a toda a zona de equipamentos na zona de A Rocha, onde se atopan: o cuartel da garda civil, casa dá cultura, o centro de saúde, o centro de día e parcela do Centro que é obxecto deste proxecto. Por iso, esta área de planeamento vaise a incorporar como solo urbano consolidado, xa que o seu proceso de urbanización está completado en máis dun 50% edificado.

1.2_ 3.2 Cumprimento dá normativa municipal

O presente proxecto axústase á normativa municipal en trámite, segundo se indica no seguinte cadro comparativo relativo ás condicións da edificación onde se encontra a parcela.

Dita parcela sitúase en solo urbano consolidado, sendo de aplicación a ordenanza nº 3: Equipamentos.

Tendo en conta o regulamento de Disciplina urbanística de Galicia (RDU) e en concreto o artigo 17 realízase o seguinte cadro comparativo para a xustificación do cumprimento das ordenanzas de aplicación nesta parcela.

FICHA URBANÍSTICA

NORMATIVA VIXENTE EN TRÁMITE
SOLO URBANO CONSOLIDADO: ORDENANZA Nº 3 (EQUIPAMENTOS)

Condicións segundo	Normativa	Proxecto
Usos permitidos	Asistencial (entre outros)	Asistencial
Sup. min. da parcela	Non se determina	4.247,00 m^2
Recuamentos laterais	3 m ou unido a medianeira	> 3m
Recuamento frontal	2 m ou na aliñación	> 2m
Altura da edificación	9 m	6,60 m
Nº máximo de plantas	B+2	B+1
Tipoloxía de edificación	Non se determina	Volumetría libre
Ocupación máxima	Non se determina	1.579,60 m^2 x 100 / 4.247,00 m^2 = 37 %
Edificabilidade máxima	0,70 m^2/m^2	2.526,05 m^2 / 4.247,00 m^2= 0,59 m^2/ m^2

FICHA DE INFRAESTRUTURAS

Infraestrutura	Tipo	Posúe
Subministro de enerxía eléctrica	Tendido subterráneo pola vía pública	SI
Evacuación e tratamento de augas residuais	Rede de saneamento	SI
Abastecemento de auga	Rede de abastecemento municipal	SI
Acceso rodado	Zona peonil con acceso de vehículos	SI
Pola parcela NON discorre ningunha liña de alta e media tensión		

Polo tanto próbase que o presente proxecto CUMPRE coa normativa urbanística municipal vixente e en tramitación.

1.2_ 3.3 Cumprimento dá normativa de Galicia

O presente proxecto axústase á normativa autonómica vixente: a Lei 9/2002 de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (**LOUGA**). En concreto dáse cumprimento ao **Título III Normas de aplicación directa** de dita lei no seu artigo 104, segundo indica na seguinte xustificación relativa ás condicións da edificación:

Artigo 104º. Adaptación ao ambiente.

As construcións e instalacións deberán adaptarse ó ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar con el. Igualmente cando, sen existir un conxunto de edificios, houbese algún de grande importancia ou calidade dos carácteres indicados.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

d) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

e) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que

favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe

f) Nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como inundación, afundimento, incendio, contaminación, explosión ou outros análogos, non se permitirá ningunha construción, instalación ou calquera outro uso do solo que resulte susceptible de padecer estes riscos».

Polo tanto próbase que o presente proxecto CUMPRE coa normativa urbanística autonómica.

1.2_ 4 PROGRAMA FUNCIONAL E ORGANIGRAMA PROPOSTO

O Centro de Discapacitados Vontade está constituído por un edificio de dúas plantas e unha construción auxiliar: un invernadoiro. A entrada principal atópase no piso superior (piso 0), ao cal se accede dende unha pequena rampla que o comunica coa vía pública.

Neste piso desenvólvese a maioría das actividades do Centro: punto de ventas, talleres, aulas, cociña e comedor, sala de rehabilitación, sala polivalente, cafetería, etc. Deste xeito, a maioría dos usuarios non necesitan cambiar de planta no seu uso habitual do Centro. Polo tanto, favorécese unha accesibilidade directa, rápida e cómoda as principais dependencias.

Nada máis entrar no edificio existe un amplo vestíbulo cun pe dereito de 5 m, onde está integrada a recepción e por onde se accede as comunicacións verticais (escadas e ascensor). A seguir, o espazo divídese nun gran corredor lonxitudinal e nun espazo libre sobre o patio axardinado do piso inferior. Desta forma cóntase cunha gran zona de entrada e distribución moi luminosa, dende a que se pode observar os copos das árbores situadas no patio. O vestíbulo da acceso directo aos dous espazos concibidos para ofrecer servizos a cidadanía en xeral: o punto de ventas e a cafetería.

A través deste gran vestíbulo/corredor lonxitudinal accedese a cafetería, xa mencionada, a sala polivalente e o comedor. Estas dependencias están conectadas entre si grazas a un gran espazo diáfano quebrado por dous espazos libres sobre dous patios do piso inferior e no que tamén se pode ver os copos dunhas árbores. Estas quebras marcan o cambio de compartimento. Dende eles pódese acceder a terraza que se impón elevada sobre as zonas exteriores. O obxectivo deste gran espazo diáfano e que os cidadáns que acudan a cafetería entren en contacto cos usuarios e viceversa.

Ao Norte e fronte o comedor encóntrase a cociña, comunicada a través dun montacargas coa despensa xeral situada no piso inferior. Un pequeno pasillo de 1.80 metros de ancho comunica o gran corredor lonxitudinal mencionado anteriormente con outro de características similares (pero con menor altura: 3metros) e que conta cunha saída secundaria e da acceso as aulas, os talleres e as instalacións sanitarias. Entre ambos corredores hai unha sala de rehabilitación (con sala de fisioterapia e curas incluída) e a zona de dirección e administración (con un arquivo). Está

última xunto a recepción. Estes compartimentos teñen iluminación e ventilación natural a través do patio interior.

Nos talleres dáse unhas das actividades máis dinámicas e representativas do centro, por iso foron situados a Sueste, xa que calquera usuario que circule pola vía pública poderá observar os traballos que estean a realizar as persoas con discapacidade. Ao igual que na parte Oeste do Centro un volume (terraza) parece "saír" do edificio para relacionarse co exterior, sucede o mesmo fachada Este. As aulas prolónganse 3 metros para quebrar a fachada e "dialogar" co Centro de Día situado fronte a elas. As instalacións sanitarias son individuais e están todas adaptadas a usuarios de cadeira de rodas. Están constituídas por unha sanita, un lavabo e algunhas por unha ducha.

PISO 0	CADRO DE SUPERFICIES			
Código	Compartimento		Área útil	Área bruta
P0_01	Entrada principal		24.60 m²	
P0_02	Entrada A		9.75 m²	
P0_03	Acceso a vestíbulo		24.55 m²	
P0_04	Vestíbulo		54.10 m²	
P0_05	Ascensor		1.55 m²	
P0_06	Escadas		17.15 m²	
P0_07	Corredor 1		9.40 m²	
P0_08	Corredor 2		84.25 m²	
P0_09	Corredor 3		14.75 m²	
P0_10	Corredor 4		67.20 m²	
P0_11	Recepción		12.25 m²	
P0_12	Dirección		13.40 m²	
P0_13	Administración		23.85 m²	
P0_14	Arquivo		8.30 m²	
P0_15	Punto de ventas		19.75 m²	
P0_16	Cafetería		46.75 m²	
P0_17	Sala polivalente		119.45 m²	
P0_18	Comedor		97.80 m²	
P0_19a	Vestíbulo cociña	Zona de cociña	2.65 m²	
P0_19b	Vestiario		4.70 m²	
P0_19c	Cociña		26.20 m²	
P0_19d	Lavado		5.65 m²	
P0_19e	Empratado		8.55 m²	
P0_19f	Despensa diaria		7.15 m²	
P0_19g	Montacargas		1.10 m²	
P0_20	Sala de rehabilitación		43.10 m²	
P0_21a	Corredor I.S. A	Zona I.S. A	15.00 m²	
P0_21b	Arrimos		6.10 m²	
P0_21c/d/e/f/g	I.S. A		25.50 m²	
P0_21h/i	Vestiarios A		10.45 m²	
P0_22	Aula teórica prelaboral		55.30 m²	
P0_23	Aula de informática		39.55 m²	
P0_24	Aula teórica		38.00 m²	
P0_25	Aula de formación básica		40.00 m²	
P0_26a	Corredor I.S. B	Zona I.S. B	11.45 m²	
P0_26b/c	I.S. B		7.80 m²	
P0_26d	Vestiario B		4.95 m²	
P0_27	Entrada talleres		13.05 m²	
P0_28	Taller 1		52.55 m²	
P0_29	Taller 2		41.05 m²	
P0_30	Instalacións		3.85 m²	
P0_31	Terraza		53.00 m²	
	TOTAL		**1165.55 m²**	**1347.95m²**

Dende o piso 0 accédese á planta inferior a través das comunicacións verticais mencionadas con anterioridade. Tamén se pode entrar neste piso a través de varias entradas dende o exterior. Principalmente, dende a que se atopa na fachada Oeste e que comunica co distribuidor central.

Esta planta encóntrase enterrada polo Este e polo Sur e aberta polo Oeste e polo Norte. Polo tanto, a Sueste danse as condicións de iluminación e ventilación natural máis desfavorable. Por este motivo localízanse aquí as instalacións, almacén e garaxe. Este último ten acceso para vehículos pola fachada Oeste.

O sistema de circulacións é similar ao do piso superior. Existen dous corredores lonxitudinais comunicados entre si e que dan acceso aos despachos e sala de reunións. O patio axardinado da iluminación e ventilación natural a estes espazos. No caso do corredor situado a Este, ten unha saída no extremo Norte e recibe iluminación a través do patio, xa que as paredes dos despachos non chegan ate o teito.

Ao Norte están as instalacións sanitarias, con características similares as anteriores, e a despensa xeral, que conta cunha entrada de mercadorías e un montacargas que comunica coa cociña.

Finalmente, ocupando gran parte da fachada Oeste existe un amplo espazo destinado a actividades agrícolas ou relacionadas coa planta ornamental. Ten acceso peonil a través de dous pequenos patios axardinados e para maquinaria pola fachada norte.

PISO -1 — CADRO DE SUPERFICIES

Código	Compartimento		Área útil	Área bruta
P-1_01	Entrada B		2.35 m²	
P-1_02	Entrada C		2.35 m²	
P-1_03	Entrada D		3.60 m²	
P-1_04	Distribuidor de entrada		9.60 m²	
P-1_05	Distribuidor		37.90 m²	
P-1_06	Corredor 5		9.40 m²	
P-1_07	Corredor 6		72.50 m²	
P-1_08	Corredor 7		14.75 m²	
P-1_09	Corredor 8		46.80 m²	
P-1_10	Sala de reunións		30.10 m²	
P-1_11	Despacho 1		14.55 m²	
P-1_12	Despacho 2		14.55 m²	
P-1_13	Despacho 3		14.55 m²	
P-1_14	Despacho 4		14.55 m²	
P-1_15	Despacho 5		14.35 m²	
P-1_16a	Corredor I.S. C	Zona I.S. C	7.20 m²	
P-1_16b	Taquillas		2.70 m²	
P-1_16c/d/e/f	Vestiarios C		19.90 m²	
P-1_16g/h	I.S. C		8.80 m²	
P-1_17a	Despensa xeral	Despensa cociña	42.80 m²	
P-1_17b	Entrada mercadoría		3.35 m²	
P-1_18a	Circulación maquinaria	Aula práctica prelaboral	52.80 m²	
P-1_18b	Mantemento maquinaria		18.00 m²	
P-1_18c	Almacenamento da maquinaria		28.70 m²	
P-1_18d	Zona de traballo		118.75 m²	
P-1_19	Entrada garaxe		39.10 m²	
P-1_20	Garaxe		100.10 m²	
P-1_21	Arrimos		10.55 m²	
P-1_22	Instalacións		47.55 m²	
	TOTAL		**802.20 m²**	**946.45 m²**

Por último, aparece a construción auxiliar: o invernadoiro. Son máis de 200 m2 destinados aos cultivo e que conta con entrada para os usuarios e a maquinaria.

CADRO DE SUPERFICIES			INVERNADOIRO
Compartimento	Área útil	Área bruta	Código
Invernadoiro	207.35 m²		IN_01
TOTAL	**207.35 m²**	**231.65 m²**	

O Centro de Discapacitados Vontade conta cunha superficie útil total de 2167.85 m2 (invernadoiro incluído). A súa superficie construída total é de 2407.60 m2, tal como se mostra na seguinte táboa:

CADRO DE SUPERFICIES			RESUMO
Compartimento	Área útil	Área bruta	Código
PISO 0	1165.55 m²	1347.95m²	P0
PISO -1	802.20 m²	946.45 m²	P-1
INVERNADOIRO	207.35 m²	231.65 m²	IN
TOTAL	**2175.10 m²**	**2526.05 m²**	

1.2_ 5 OPCIÓNS CONCEPTUAIS E MORFOLÓXICAS

Tralo proceso de "Investigación no ámbito do proxecto" onde se estudou a temática da discapacidade, o local onde se vai realizar este proxecto e o estado da arte, definiuse un programa base estruturado e detallado. Un dos usos especificados é o do invernadoiro, que polas súas características plantéxase como unha construción auxiliar. Polo tanto, a intervención arquitectónica vai estar formada por **dúas edificacións**.

1.2_ 5.1 Encadramento volumétrico



Fig. 3. Planta de implantación.

En primeiro lugar, unhas condicionantes importantes son os relacionados co **entorno** da parcela. De maneira especial a forma en que se chega a ela. Un equipamento deste tipo debe ter un acceso directo e facilmente identificable. Por este motivo, o vial que se dirixe a parte Este da parcela vai definir a implantación do edificio principal. Consecuentemente, o invernadoiro situarase no extremo Oeste, pegado a liña de recuamento de 3 metros con respecto ao lindeiro para dispor do máximo espazo libre posible (zonas verdes e peonís).

En segundo lugar, as condicións especiais dos usuarios do Centro de discapacitados obrigan a ter en conta dúas premisas fundamentais: a

accesibilidade e a **funcionalidade**. Por este motivo procurouse desenvolver a maioría das actividades nunha única planta. Neste caso a superior, onde se encontra a entrada principal.

En terceiro lugar, outra condicionante é a **topografía do terreo**. Ten un desnivel progresivo de Este (cota superior) a Oeste (cota inferior) en torno aos 4 ou 5 metros. Neste sentido, a planta inferior (que está semi-enterrada) fai a transición entre a zona superior e a inferior. Neste piso desenvólvense as actividades de traballo relacionados co invernadoiro, que está a mesma cota. Deste xeito respéctase a forma orixinal do terreo ao mesmo tempo que se mellora a funcionalidade.

Finalmente, tendo en conta que se vai construír un invernadoiro e que este é a construción máis representativa da principal actividade económica de Tomiño (con gran relevancia para este proxecto) considérase fundamental manter esta **identidade** no Centro de discapacitados. No aspecto formal conséguese mediante a creación de volumes lonxitudinais e no material a través do policarbonato como pel exterior.

Fig. 4. Invernadoiros no Baixo Miño. *Sigpac.*

I. 2. Vista duns invernadoiros no Baixo Miño

Fig. 5. Planta da proposta



I. 3. Vista 3D da proposta

Polo tanto, dende o punto de vista conceptual, preténdese **integrar a intervención arquitectónica na súa envolvente natural e construída, facéndoo dunha maneira dinámica e accesible e cunha identidade propia**.

1.2_ 5.1 Solución estética

O Centro conta con dous materiais principais: o policarbonato e o formigón.

Nas fachadas, obsérvase unha "base de formigón" (piso inferior) que eleva a parte principal do Centro (piso superior), a cal é revestida con policarbonato branco. Este último é sen dúbida o material máis representativo do proxecto. Outórgalle unha identidade propia relacionándoo, a través da súa materialidade, cos invernadoiros e, polo tanto coa principal actividade económica do Concello.

Para distribuír os espazos tívose unha especial atención pola accesibilidade. Por este motivo, todas as dependencias contan con espazos suficientemente amplos para que os usuarios de cadeira de rodas poidan realizar poidan desprazarse (90 cm), xirar (120 cm) e cambiar de sentido (150 m) dunha maneira cómoda. Polo tanto, empregouse unha malla de distribución rectangular de 60 x 90 cm, tal como se pode observar na **Fig.6.**

Fig. 6. Planta con malla de distribución.

As pezas de policarbonato teñen unha anchura de 60 cm (nas fachadas Sur e Norte) e de 90 cm (Este e Oeste). Deste xeito segue a malla de distribución interior.

O edifico conta con tres patios axardinados interiores, que xunto aos grandes vaos exteriores outórganlle unha gran luminosidade.

1.2_ 6 OPCIÓNS TECNOLÓXICAS E CONSTRUCTIVAS

Estrutura

A estrutura do Centro está formada por pilares, vigas e forxados de formigón armado. Nas zonas dos patios empregaranse, ademais, pilares metálicos HEB 200.

No caso do invernadoiro, optase por un muro perimetral de formigón armado sobre o que se apoia unha estrutura metálica formada por perfís metálicos IPE 140, IPE 240 e IPE 80.

Cerramentos exteriores

Nos cerramentos exteriores emprégase o sistema de fachada ventilada. Está formada por un muro de formigón armado de cómo mínimo 15 cm con 6 cm de illamento térmico proxectado polo exterior. Como material de revestimento úsanse un pezas de 60 cm de ancho (Sur e Norte) ou 90 cm (Este e Oeste) de policarbonato branco, que fai alusión aos invernadoiros, símbolo da principal actividade económica de Tomiño.

Para a colocación das pezas de policarbonato empréganse perfís verticais anclados ao muro de formigón a través de varillas roscadas. Para evitar pontes térmicas, colócanse separadores de 3cm para alonxar o perfil da parede permitindo que ese oco se poida cubrir ao proxectar o illamento.

Cobertura

Óptase por unha cuberta invertida non transitable. Está formada polo forxado de formigón de 25 cm, sobre o se coloca unha impermeabilización asfáltica, 6 cm de illamento térmico, un xeotextil con lámina drenante e unha camada de 10 cm de grava 20/40.

Particións Interiores

A tabiquería interior realízase con paneis A-M (tipo Perfisa) colocados sobre unha estrutura metálica con illamento acústico de la de roca. Os espesores e os tipos de acabados dependen da estancia que encerran.

Os paneis A-M son un produto composto por xeso e fibra de vidro, con un sistema de encaixe macho femia que se aparafusa sobre a perfilaría metálica.

Carpintería exterior:

Será metálica e de aluminio tipo Sistema Cor-60 (Cortizo), con perfís cor natural, incluídos ferraxes de colgue e seguridade e vidro temprado 6+8+6.

Carpintería interior

Serán do tipo prefabricadas en taboleiro DM para lacar en cor branca, estará, sempre recibidas directamente sobre marco do mesmo material e acabado.

As follas das portas deberán cumprir as características esixidas nos ensaios da instalación da marca de calidade (ordes do Ministerio de Industria).

As portas deberán ademais contar cunha protección de aluminio de 30 cm na súa parte inferior.

Pinturas

Utilizarase pintura plástica mate en paramentos verticais, cor branca. Igualmente empregaranse pinturas especiais en estrutura metálica e formigóns.

Lacado dos taboleiros de DM mediante 3 capas de laca previo ao correspondente tapaporos.

Escaleiras

As escaleiras están formadas por forxados inclinados de formigón armado con peldañeado in situ, tal e como se describen nos planos de detalles construtivos.

1.2_ 7 OPCIÓNS DE CONFORTO AMBIENTAL

Opcións de iluminación e ventilación

Todas as salas teñen iluminación e ventilación natural a través dos vaos nas fachadas do edificio, incluíndo os seus patios interiores. As xanelas son batentes e abatibles no eixe vertical.

O grande dimensionamento dos vaos nas fachadas exteriores e nos patios interiores producen nas estancias do Centro unha gran luminosidade, mellorando a confortabilidade dos usuarios e aforrando en enerxía eléctrica. Ademais, xunto coas posibilidades de ventilación cruzada que se pode realizar a través dos patios, outórganlle á edificación as propiedades necesarias para a súa sosteñibilidade.

No caso das instalacións sanitarias empréganse extractores de ventilación colocados no teito. Na cociña, a pesar de contar con ventilación natural, tamén se deberá colocar un extractor sobre a zona de cociñado.

Opcións térmicas e acústicas

Como sistema de climatización optouse por un solo radiante (calor e frío). A súa fonte de alimentación principal son uns paneis solares. Este punto deber ser desenvolvido no proxecto da especialidade.

En canto as paredes exteriores, ao empregar un sistema de fachada ventilada (con illamento polo exterior) elimínanse as pontes térmicas e íllase acusticamente o edificio.

Neste sentido, o sistema de fachada ventilada mellora o aproveitamento dos recursos enerxéticos e ambientais contribuíndo a unha mellor clasificación enerxética do edificio.

Por outra parte, os grandes vaos da fachada Sur son protexidos cun ripado horizontal composto por elementos de aluminio. Deste xeito, os raios solares (calor) non penetran no edificio nos meses de verán debido ao seu alto grado de inclinación. Pola contra, nos meses de inverno estes raios proxéctanse nunha dirección máis horizontal e así penetran e aquecen os compartimentos situados ao Sur da construción. Novamente, o obxectivo é a redución do consumo enerxético favorecendo a sosteñibilidade ambiental.

Opcións enerxéticas

O Centro conta cun conxunto de solucións sustentables adaptadas as súas características e necesidades.

En primeiro lugar, a estrutura de formigón xunto co sistema de fachada ventilada con illamento polo exterior foron deseñados para crear unha alta **inercia térmica** no edificio.

En segundo lugar, tendo en conta as necesidades de rego para a gran superficie de zonas axardinadas e o invernadoiro, optouse polo **aproveitamento das augas pluviais** a través da cobertura do Centro.

En terceiro lugar, aproveitando o uso de policarbonato como pel exterior, instalaranse na fachada Sur células fotovoltaicas para a **xeración de electricidade**. Esta pode ser empregada para a iluminación mediante leds no Centro. Este punto será desenvolvido no Proxecto de electricidade.

En cuarto lugar, a optimización da **iluminación e ventilación natural** a través de patios interiores axardinados e de amplos vaos exteriores contribúe para unha maior confortabilidade e unha menor dependencia dos sistemas artificiais.

Finalmente, colócase un solo radiante (calor e frío) para aquecer ou refrescar o Centro. A principal fonte de enerxía para este sistema serán **paneis solares**.

Este conxunto de accións contribúen para un maior aforro enerxético favorecendo a confortabilidade e respectando o medio ambiente.

1.2_ 8 OPCIÓNS DE MOBILIDADE

A través deste Proxecto preténdese alcanzar unha arquitectura que garanta a plena igualdade de oportunidades e autonomía para a diversidade de individuos; en contraposición con outro tipo de arquitectura pensada nunha "normalidade" que establece unha "persoa media". Mediante o concepto de "**Deseño universal**" constrúese pensando nos individuos con necesidades especiais e así beneficiaranse todas as persoas.

Este concepto é fundamental nun Centro de discapacitados, xa que unha parte significativa dos seus usuarios son persoas con mobilidade reducida. Este proxecto posibilita que os usuarios poidan desprazarse con autonomía, seguridade e comodidade tanto en zonas interiores como exteriores.

Os responsables doutros centros analizados neste traballo indicaban a importancia da **accesibilidade e funcionalidade** e, neste sentido, de desenvolver as actividades do Centro nunha mesma planta, sen cambios de nivel e cunha distribución simple. Este proxecto foi concibido dende a súa fase máis conceptual tendo en conta estas premisas. Por iso a maioría dos usuarios farán un uso case exclusivo do piso superior; outorgándolle as comunicacións verticais (escadas e ascensor) un uso reducido. A planta inferior é destinada principalmente ao uso de persoal e dos usuarios da aula práctica prelaboral. Xa que polas súa dimensións, pola necesidade de ter unha entrada para maquinaria e pola importancia de comunicarse facilmente co invernadoiro proxectouse neste piso, favorecendo deste xeito a funcionalidade.

No que se refire as accesibilidades, foi respectada a normativa en vigor, nomeadamente o Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de execución da **Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia**. Deste xeito, en conformidade dos deseños deste Proxecto, todo o edificio e entorno é accesible a persoas con mobilidade reducida, sendo de rexistrar:

- O interior do centro conta con amplas zonas de circulación (superiores a 1.80 metros de ancho).
- Todas as dependencias contan con espazos suficientemente amplos para que os usuarios de cadeira de rodas poidan realizar poidan desprazarse (90 cm), xirar (120 cm) e cambiar de sentido (150 m) dunha maneira cómoda.

- Todas as instalacións sanitarias e vestiarios son individuais e están adaptadas a persoas con mobilidade reducida, con dimensións regulamentares.
- O ascensor ten unhas dimensións interiores de 110x140 cm.
- As escadas teñen unha anchura libre de 120 cm e un descanso aos 12 pasos (192 cm de altura). A dimensión do espello é de 16 cm e a do paso de 30 cm.
- As ramplas exteriores teñen unha anchura de 1.50 m, así como pasamáns a 70 e 90 cm. Contan con descansos cada 10 metros como máximo e respectan as seguintes pendentes:
    - ≤ 8% para distancias de 3 a 10 metros
    - ≤ 10% para distancias de 0 a 3 metros
- En escadas e ramplas serán colocados pasamáns a 70 e a 90 cm de altura. Estes serán en tubo de sección redonda.
- Todas as portas teñen un ancho mínimo de 0.90 m.
- Todas as pasaxes de vaos e portas terán unha altura útil superior a 2.10 m.

1.2_ 9 OPCIÓNS DE ARRANXOS EXTERIORES

Acondicionamento

Nunha primeira fase procederase á limpeza e roce superficial do terreo na zona afectada polas construcións e a urbanización. Sobre ela efectuarase o reformulamento xeral da obra, segundo os planos de proxecto.

Executaranse os distintos movementos de terras segundo as cotas indicadas nos planos de cimentación (proxecto de especialidades), deixando o terreo preparado, e polo tanto, compactado para recibir os diferentes tratamentos de acabado.

A excavación e baleirado de terras ao descuberto efectuarase por medios mecánicos ata a cota fixada, susceptible de ser variada pola dirección técnica si considérao oportuno por variar as características resistentes obtidas nos móstreos.

Os pequenos terrapléns e recheos dalgunhas zonas que o requiran, farase coas terras procedentes do desmonte, compactándoas por capas sucesivas de espesor non superior aos 20cm.

Acabados exteriores

Sobre o terreo compactado executaranse os diferentes acabados dependendo do área en que se atopen e a que estean referidas, tal e como se expresa nos diferentes planos de detalle de urbanización e medicións do presente proxecto.

As zonas peonís resólvense con formigón fratasado con dous tipos de acabado: un gris claro e outro gris natural. Será rematado cun bordillo prefabricado de formigón.

1.2_10 ÍNDICE DE ELEMENTOS

Índice de figuras:

Fig. 1. Planta de entorno natural e construído.
Elaboración propia. Fonte: cartografía municipal. 4
Fig. 2. Planta de accesos.
Elaboración propia. Fonte: cartografía municipal. 4
Fig. 3. Planta de implantación.
Elaboración propia. 4
Fig. 4. Invernadoiros no Baixo Miño.
Fonte: www.sigpac.es 4
Fig. 5. Planta da proposta
Elaboración propia. 4
Fig. 6. Planta con malla de distribución.
Elaboración propia. 4

Índice de imaxes:

I. 1. Acceso principal. *Imaxe de autor* 4
I. 2. Vista duns inverdoiros no Baixo Miño. *Imaxe de autor* 4
I. 3. Vista 3D da proposta. *Imaxe de autor* 4

escola superior gallaecia

MESTRADO INTEGRADO EM ARQUITECTURA E URBANISMO
DISSERTAÇÃO DE MESTRADO INTEGRADO
TRABALHO DE PROJECTO

VONTADE _Centro de discapacitados

A Rocha_TOMIÑO

1.2 MEMORIA DESCRITIVA E XUSTIFICATIVA

1.3 CONDICIÓNS TÉCNICAS XERAIS

1.4 CONDICIÓNS TÉCNICAS ESPECIAIS

1.5 MEDICIÓNS E ORZAMENTOS

1.6 FICHAS DE ACABAMENTOS

Autor: Alexandre Pérez Souto

Orientador: Doutor Arquitecto Rui Brochado

Co-orientador: Mestre Arquitecto Rui Correia

xaneiro 2011

CAPÍTULO 01: DISPOSICIÓNS INICIAIS

Cláusula 1ª: Obxecto

O obxecto desta construción é a execución das tarefas necesarias para levar a cabo a obra dun Centro de Discapacitados en A Rocha (Tomiño), e todos os traballos que ela conleva, tal como se especifica neste documento, no que se refire a especificacións, cantidades e debuxos técnicos do proxecto.

Cláusula 2ª: Proxecto

O proxecto de execución a considerar para a realización da obra é o que se atopa integrado polas seguintes pezas deseñadas:

PROXECTO BASE

1.1 PLANTA DE LOCALIZACIÓN ..... esc 1/1000
1.2 PLANTA DE IMPLANTACIÓN ..... esc 1/200
1.3 PERFÍS DE INSERCIÓN DA PROPOSTA NA TOPOGRAFÍA EXISTENTE ..... esc 1/200
1.4 PLANTA DO PISO 0 ..... esc 1/100
1.5 PLANTA DO PISO -1 ..... esc 1/100
1.6 PLANTA DE COBERTURA ..... esc 1/100
1.7 CORTES 1, 2 E 3 ..... esc 1/100
1.8 CORTES 4, 5 E 6 ..... esc 1/100
1.9 ALZADOS CENTRO ..... esc 1/100
1.10 ALZADOS CENTRO E INVERNADOIRO ..... esc 1/100

PROXECTO DE EXECUCIÓN

1.11 PLANTA DE TOSCOS _ PISO 0 ..... esc 1/50
1.12 PLANTA DE TOSCOS _ PISO -1 ..... esc 1/50
1.13 PLANTA DE TRABALLO _ PISO 0 ..... esc 1/50
1.14 PLANTA DE TRABALLO _ PISO -1 ..... esc 1/50
1.15 PLANTA DE TRABALLO _ COBERTURA ..... esc 1/50
1.16 PLANTA DE PAVIMENTOS _ PISO 0 ..... esc 1/50
1.17 PLANTA DE PAVIMENTOS _ PISO -1 ..... esc 1/50
1.18 PLANTA DE TEITOS _ PISO 0 ..... esc 1/50
1.19 PLANTA DE TEITOS _ PISO -1 ..... esc 1/50
1.20 CORTES 1, 2 E 3 ..... esc 1/50
1.21 CORTES 4, 5 E 6 ..... esc 1/50
1.22 ALZADOS CENTRO ..... esc 1/50
1.23 ALZADOS CENTRO E INVERNADOIRO ..... esc 1/50
1.24 CORTES CONSTRUCTIVOS DE FACHADA E COBERTURA ..... esc 1/20
1.25 DETALLES CONSTRUCTIVOS: I.S. E ESCADA ..... esc 1/20 e1/1
1.26 DETALLES CONSTRUCTIVOS ..... esc 1/1
1.27 MAPA DE VAOS ..... esc 1/50 e 1/5
1.28 PROXECTO DE ARRANXOS EXTERIORES ..... esc S/P

Cláusula 3ª: Lista de cantidades e prezos unitarios

No punto 1.5 MAPA DE MEDICIÓNS E ORZAMENTOS atópase definido todo o referente a prezos e cantidades.

Estes prezos inclúen todas as tarefas relacionadas coa execución dos traballos, como poden ser andamios, plataformas, materiais de protección, transporte para a obra e dentro da mesma, cargas e descargas, test e ensaios tanto a efectuar en fábrica como en laboratorio, beneficios, etc.

Cláusula 4ª: Materiais e técnicas de execución

Os materiais e técnicas de execución a utilizar na obra, deben respectar todo aquilo que se refira ás especificacións incluídas no punto 1.4 CONDICIÓNS TÉCNICAS ESPECIAIS

Cláusula 5ª: Implantación da obra

